


BIBLIOTECA GALLEGA

letras galegas

Luísa Villalta.
A poesía en que salvarse
Sara Pérez Peral



La Voz de Galicia

Luísa Villalta

A Coruña 15.07.1957

A Coruña 06.03.2004



Luísa Villalta nace na Coruña, unha Cidade (para ela, en maiúscula) que leva ao centro da súa obra e da que xa nunca se arreda. Inseparable do seu violino, co que chega ao grao de maior profesionalidade na música, encontra na literatura e na docencia unha ventá perfecta para tentar cambiar o mundo. Faino como a artista multixenérica que é dende a poesía, a narrativa, o ensaio, o teatro ou as traducións, pero tamén dende as aulas, onde pousa o seu amor e respecto pola lingua e cultura galegas e mais o feminismo. Compromiso, sensibilidade, xenerosidade e perfeccionismo son as pegadas que deixa na súa curta actividade, lonxe do divismo ou dos booms editoriais e sempre dispoñible para as causas colectivas. «A poesía só é necesario que se lea, e non que se venda», dicía. Á Luísa que se presenta nestas páxinas gustaríalle que as súas palabras voasen máis alá dos libros, que non deixasen a ninguén indiferente, que espertasen os sentidos de quen as le e que fosen semente do futuro.

Luísa Villalta.

A poesía en que salvarse

BIBLIOTECA GALLEGA

colección letras galegas

Luísa Villalta.
A poesía en que salvarse

Sara Pérez Peral

Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2024



Luísa Villalta.

A poesía en que salvarse

Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2024

La Voz de Galicia

Editorial: La Voz de Galicia S.A.

Presidente: Santiago Rey Fernández-Latorre

Director Xeral: Lois Blanco Penas

Director: Xosé Luís Vilela Conde

Deseño e capa: Xoán G.

© 2024 Sara Pérez Peral

© 2024 Herdeiros de Luísa Villalta para os textos da autora

© 2024 Desta edición: La Voz de Galicia

As imaxes incluídas neste libro pertencen ao arquivo da familia Villalta e aos asinantes das mesmas. A todas elas e eles, o noso agradecemento.

Depósito Legal: C 633-2024

ISBN: 978-84-9757-369-6

*A Pepa
a nai de Alba e a amiga de todas,
a que unha meninxite tamén nos roubou
demasiado pronto este ano.*

Nestes meses de escrita estiveches sempre presente.

E seguirás.

Limiar

Teresa Pastor Novo

Colla voce de Luísa

Se depois de eu morrer, quiserem escrever a minha biografia,
não há nada mais simples.
Tem só duas datas — a da minha nascença e a da minha morte.
Entre uma e outra coisa todos os dias são meus.

Poemas inconjuntos

Alberto Caeiro

(heterónimo de Fernando Pessoa)

Con esta declaración de principios, quixera comezar este limiar con estas verbas, por un dobre motivo: por unha banda, pola paixón e a amizade de Luísa Villalta cara á cultura portuguesa, o fondo respecto e coñecemento polas letras das nosas e nosos «irmãos do Sul»; e, por outro lado, porque as breves palabras do vate luso achegan un completísimo retrato do ser villaltino: humildade e discreción. Porque, tal e como aseverou a escritora coruñesa na súa brillante novela *Teoría de xogos* (1997), a existencia, a

vida é coma un xogo, e «os máis avezados saben que canto máis se alardea, peor se xoga». Isto explica, sen dúbida, a abondísima escrita que ficou inédita, nun traballo meticuloso e constante, onde a curiosidade polo coñecemento se respira por cada recuncho da súa obra. O seu xeneroso legado trazou un portentoso ronsel, onde se albisca o engaiolamento polo estudado, reflectido na inmensa bagaxe cultural que atesourou.

A sexta muller homenaxeada no Día das Letras Galegas conxugou na súa produción unha aliaxe perfecta das distintas artes que cultivou: poesía, narrativa, teatro, artigos de opinión, ensaio, tradución e, tamén, polo seu pensamento reflexivo, diría que a filosofía. Porén, a vida fóiselle de súpeto, cando estaba na cúspide da súa creación. E é por isto precisamente polo que a súa figura acada unha dimensión máis abraiante, porque, en poucos anos, puido construír semellante *coloso da palabra*.

Ela soubo harmonizar, de maneira sublime, a creatividade literaria co seu labor social

ou cívico, todo isto envolto nunha análise fonda e meditada, co desexo de ensinar. Mais non cunha actitude pretenciosa, senón para darnos a chave para abrir a porta do coñecemento e, sobre todo, da acción. Así, para ollar o alcance do seu prolífico legado, procurei un símbolo axeitado ao seu labor: A rosa dos ventos.

En efecto, a obra da Dama da Cidade Alta, como ela mesma se nomea no seu poemario *En concreto*, constitúe, do mesmo xeito có antes citado aparello náutico, unha ferramenta fundamental para a navegación, para a travesía da vida, semellando a ruta marítima que de xeito maxistral recreara o poeta Manuel Antonio en *De catro a catro*, admirado tamén por Villalta. Noutroira, a rosa dos ventos desenvolveu un papel esencial na orientación dos barcos, e así fixo Luísa: a súa escrita abre o camiño da análise, do pensamento, na procura da ruta a través de distintos océanos e, ao mesmo tempo, nun desexo de exploración constante. Vén dicirnos que cómpre buscar novos horizontes na vida e, tamén, non permanecer im-

pasibles respecto do que hai que verbalizar, de darlle voz. Malia a súa morte temperá, a ollada verde villaltina —dun «verde lameiro orballado na raiola do novo sol», collendo emprestadas as verbas de Otero Pedrayo en *Arredor de si*, para expresar coa exactitude de don Ramón o cromatismo dos ollos de Luísa— parece ter visto e vivido moito, como unha observadora inqueda e experimentada da vida, para darnos información vital sobre a dirección e os ventos dominantes, volvendo á utilidade da rosa dos ventos.

Por esta razón, neste limiar que tiven a honra de escribir, identifiquei este aparello náutico co inestimable corpus creativo co que nos agasallou. Moitas son as representacións da rosa dos ventos, pero, nesta breve panorámica do seu traballo, quixen centrarme en seis coordenadas que, ao meu xuízo, son fundamentais: a xenerosidade creativa, a música, a muller, a lingua, o seu compromiso social e o seu coruñesismo.

Respecto da primeira delas, contar cunha escritora multixenérica que, coma unha

sorte de habelencia renacentista, soube-se cultivar diversos xéneros constitúe un galano inmenso que cómpre gardar e tamén exhibir con absoluta fachenda. Malia transcorrer vinte anos do seu pasamento, a modernidade dos seus escritos é evidente, porque, como a mitolóxica ave fénix, a súa voz renace das cinsas con forza.

Algo que si convén subliñar é que estendeu por toda a pluralidade creativa unha marcada misión pedagóxica, no sentido de enviar a súa mensaxe para que pensásemos, para que reflexionásemos, non só respecto do que está ao noso redor, senón de nós mesmos. Da análise conxunta da súa produción, a poesía ocupa un lugar sobranceiro. A súa poética ten un estilo propio, realizado cun cuño de seu, onde foi gravando, coma ourive das palabras, as distintas converxencias das súas inquedanzas e influencias. Unha poesía de enorme altura racional e cun trazo de suma orixinalidade: a presenza da música. Como xa se indicou antes, esta mestría poética innegable non pode subordinar a

destreza que desenvolveu en todos os xéneros onde ela se manexou.

A segunda coordenada, a música, ten un papel absolutamente relevante. Abonda con ler as verbas iniciais que deixou no limiar do seu poemario *Música reservada* (1991): «Se o principio foi a palabra, antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica». Titulada superior en violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña, a cultura musical xa lle foi inculcada no seu fogar dende a infancia. O seu *violino* —termo en italiano usado por ela, nunha fidelidade ao tecnicismo da música— foi o seu compañeiro leal. Se algo caracteriza a súa peculiar escrita é a maridaxe perfecta coa música, actuando esta de guieira ata acadar a razón.

Pero a rosa dos ventos villaltina ten un eixe esencial, que é a muller. En todos os xéne-

ros, soubo desenvolver a atenta visión sobre a psicoloxía dos seus personaxes femininos e mais un papel reivindicativo do seu lugar. No seu magnífico escrito *Por que os homes non nos len?*, logo dunha interesante reflexión sobre a muller ao longo da historia, chega á conclusión de que non cómpre facer distincións conscientes en razón de sexo; a muller non debe realizar o seu traballo con conciencia de facer algo excepcional respecto da actividade desenvolvida polo home.

Luísa albisca un panorama de toma de conciencia do feminismo, co obxecto de «construír eficazmente un mundo verdadeiramente de todas e todos», como ela mesma deixou dito, devecendo pola absoluta igualdade de xénero. Esta reflexión atópase na mesma liña da filósofa Judith Butler, quen considera que «calquera que sexa a liberdade pola que loitamos, debe ser unha liberdade baseada na igualdade». No seu papel de escritora e feminista, Villalta sostén que a distribución xenérica non é racional, polo que que sexa muller ou home quen escriba debe ser completamente irrelevante.

E con outra dirección coa que non deu lugar a concesións foi co seu compromiso coa lingua. Licenciada en Filoloxía Hispánica e tamén en Galego-Portugués pola Universidade de Santiago de Compostela, aquí comezou o idilio coa lingua propia, nunha vitoriosa participación en concursos varios, organizados ao abeiro da Facultade de Filoloxía. A lingua é, sen dúbida, o principal sinal de identidade dun pobo, que non podemos abandonar á súa sorte, pois é a nosa obra de arte. Como expresou Castelao: «Ningún idioma alleo, por ilustre que sexa, poderá expresar, en nome do noso, os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego; se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e graza do idioma».

Luísa dignificou a nosa lingua, seleccionando a palabra exacta, esixíndose unha constante concreción semántica. E defendeuna con toda a paixón, levándoa a todos os foros, pola súa incuestionable validez, e afeando a actitude de determinados representantes políticos do seu tempo que a negaban, como

puxo de manifesto nun artigo do seu *Libro das columnas* (2004). Luísa brande a pluma diante de todas as batallas contra a lingua con afouteza e determinación.

E, continuando con outra póla da rosa dos ventos, o seu compromiso social fixo que combinase de maneira sublime a creación literaria cun sentido ético e analítico que a levou a seguir unha liña de acción clara e contundente respecto dos principais conflitos do momento. A súa escrita é a palestra máis idónea para a denuncia. Como poeta social, cívica, non mirou para o outro lado e visibilizou todas as inxustizas: «Escoito a voz / que me silencia: / comezo a expresar o necesario» (*As palabras ingravidas*, 2020). Exemplos disto espállanse por todos os xéneros cultivados, nun desexo de reclamar, de espertar as consciencias. Valla de proba dese compromiso o feito de concederlles protagonismo a unhas mulleres desherdadas da sociedade «de ben», denunciando a hipocrisía, o veo que tapa os ollos ante unha realidade dun barrio marxinal, tráfego da prostitución, no libro *Papagaio* (2006).

Tamén as súas columnas de opinión dinamizaron a reflexión crítica e deixaron entrever unha sabedoría retranqueira.

Mais, en ocasións, esa pose de denuncia non está exenta dun sentimento de saudade, concentrada maioritariamente no seu libro *En concreto* (2004). Nesta obra hai unha saudade morriñenta na visión dos nomes da súa cidade, por veces triste e dolorosa, e tamén coa fondura e intensidade da denuncia; lugares herculinos nomeados por Villalta como pracenteiros, algúns desaparecidos e outros polos que loita para que non se dilúan no esquecemento: «Nunca vin tanto silencio belixerante / mordendo a destrución de tantos nomes» (poema «Leste», *En concreto*).

Porén, a pesar de manter unha posición crítica firme, participando en múltiples foros de debate, as arelas de concordia son unha constante. Ese compromiso, na liña da non violencia, na denuncia, pero cun desexo conciliador fica coma unha das súas derradeiras vontades, expresado nuns versos de *As*

palabras ingravidas (2020): «É fermoso ese / respecto dos contrarios, / aquí a flor / aquí o ese sibilino / que hai que ter en / conta / para aprender a / danzar, / para saber a razón / primeira / da discordia».

E, como sexta e última dirección da nosa Luísa, rosa dos ventos, está o seu coruñesismo, punto cenital da súa derradeira obra poética. Hai nela unha simbiose perfecta de Luísa coa súa terra, coa súa (e miña tamén) Matria. Así é como ela amosou un dos principais sinais identitarios, a terra, a tatuaxe do seu coruñesismo, gravada con tinta inesvaecente de luras do noso Atlántico farturen-to. E, coma un fermoso agasallo, deixoulle á cidade herculina verbas de ouro concentradas no seu derradeiro poemario, *En concreto* (2004), galardoado co XII Premio de Poesía Espiral Maior. Nunha fermosísima aliaxe do seu patronímico Villalta, «Vila alta», coas súas eufónicas verbas salgadas polo mar de Riazor, mostra os seus sentimentos máis fondos en estado puro, cunhas referencias toponímicas acariñadas nunhas visións que delatan a nostalxia polo tempo pasado

e, de igual xeito, o orgullo do seu transitar vital polos barrios altos e populares da súa cidade, A Coruña.

O seu berce é a súa bandeira e lévanos a *dar un rule* («paseo» en *coruño*, esa xerga xuvenil dos barrios herculinos máis populares) nostálxico, combativo e interior. *En concreto* é unha proba de amor. Con este poemario, legounos a cartografía da memoria, conformada por toda a toponimia herculina asociada á súa historia, ás súas lembranzas de vivencias persoais e á defensa da súa posición moral de nomes e lugares perdidos, moitas veces por intereses espurios. Luísa Villalta fixo da súa amada A Coruña un membro máis do seu corpo, movéndose a nivel da rúa, co acerto de querer ensinar a perspectiva dunha cidade palpable, coas súas luces e as súas sombras.

Como boa galega, o sentimento da terra marca a súa identidade e devólvelles ás súas raíces toda a gratitude. Fermoso é pechar esta dimensión do coruñesismo coas palabras de dous coruñeses universais, auténti-

cas declaracións de amor cara ao seu berce natal: Luísa Villalta («O meu nome é o da Cidade Alta / nacido onde a luz e o mar se están orixinando / mutuamente / nacín en frente de min mesma / cando a Pescadería era un leito de sereas / e a serpe demorada na voz dos meus avós / vento dos ventos») e Salvador de Madariaga («Eu nacín na Coruña, que é un balcón do Atlántico, aberto e libre como o voo das gaivotas».

En síntese, a singularidade da súa obra, a precisión da súa palabra, e o didactismo e contundencia da súa mensaxe fan desta autora unha voz imprescindible no seu tempo e para as xeracións futuras.

Finalmente, e logo desta breve análise das direccións de navegación vital villaltina, quero deixar adrede para o final a explicación do título deste limiar: «*Colla voce* de Luísa». Ela recorreu á música para titular coa palabra exacta varios dos seus textos. Pois, para renderlle unha última honra, *colla voce*, «coa voz», é unha indicación nunha partitura de música coral, ópera, ou

música orquestral coa que se lle indica ao director ou ao instrumentista da orquestra que debe seguir o ritmo e o tempo dun cantante solista. Pois xa é o momento de escoitarmos, hoxe e sempre, a voz solista de Luísa Villalta.

Na Coruña, no Día das Letras Galegas
do avegoso 2024, ano villaltino.

Teresa Pastor Novo

Luísa Villalta, de preto

Hai case sesenta e sete anos, Luísa Villalta Gómez, unha nena esperta e curiosa, nacía na rúa Vila de Laxe da Coruña. Unha Cidade, con maiúscula, na que sempre viviu e cara á que tiña un sentimento de admiración e orgullo que se encargou de reflectir na súa obra. Veu ao mundo o 15 de xullo de 1957, a filla primoxénita dunha familia de clase media: o seu pai, Rafael Villalta, era profesor mercantil, e a súa nai, María Gómez, tiña estudos de comercio. Uns anos despois, chegaría á casa Susana, a irmá pequena á que Luísa estaría sempre atenta e coa que desenvolvería unha relación pedagóxica, de responsabilidade e de protección, xunto cos seus pais, e tamén de amor e afecto.

Pronto chegaron as primeiras lecturas. Os contos e as súas historias eran as súas favoritas; de feito, ía á biblioteca da casa e preparaba todos os libros que quería que lle lesen. Conta Susana Villalta en *A nosa estrela* que, aínda sen saber ler, os repetía case de memoria, e, se lle lían o mesmo, dicía: «Papá, mamá, agora vén un punto, unha coma, agora pasa a páxina...».

No colexio das xosefinas destacou polas súas sempre excelentes notas —sobre todo nas letras— e comprensión lectora, unha calidade que mantevo no tempo e que reafirmou no curso de preparación á universidade no Instituto Eusebio da Guarda. Foi precisamente aí onde os profesores viron as súas calidades para as letras e a literatura. Esa boa man cos estudos tamén a tivo coa música, que a acompañou dende que era nena. Comezou a súa formación musical con oito anos no Conservatorio de Música da Coruña, e logo continuouna no Conservatorio Superior ata acadar o título en 1983. O seu compañeiro incansable nesa viaxe foi o violín —ou como o quixo chamar ela, o violino—, pero Luísa tamén era moi boa cantando. E a escrita, sempre escribiu.



Luísa Villalta

Luísa Villalta de bebé no colo da súa nai, María Gómez.

FOTO: RAFAEL VILLALTA. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

27

A súa foi unha infancia chea de estímulos onde floreceron as súas inquiredanzas e as súas ganas de coñecer, aprender e estudar, e na que, cos pais e xunto a súa irmá, non faltaron as viaxes por toda España e mais o estranxeiro, as excursións por Galicia e as moitas visitas a museos e exposicións ou ao teatro e á ópera. Tanto lles gustaba ás irmás que ata ían aos ensaios, e Luísa aínda chegou a figurar como extra nas óperas *Nabucco* ou *Pagliacci*. As clases de solfexo, guitarra, violín, idiomas, pintura —ás que asistía coa súa nai— e patinaxe completaban as horas que deixaba libres o colexio. Dende moi pequena, unha das características de Luísa foi a súa madurez xunto

coa responsabilidade, que cultivou anos despois tanto nas súas relacións persoais coma profesionais e académicas. Os veráns da súa adolescencia tamén eran coruñeses, desprazábanse ao piso familiar na praia en Santa Cruz (Oleiros) mais uns quince días en Estepona (Málaga).

En paralelo aos seus estudos musicais, no curso 1974–1975, Luísa Villalta matricúlase en Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago. Ela tiña moi claro o que quería estudar. No 1982 saca a licenciatura, tamén en Galego-Portugués, e seis anos despois aproba as oposicións. A partir de aí comezaría unha parte da súa vida na que se centra totalmente na docencia. Deu clase de Lingua e Literatura Galega en Oleiros e tamén en Ferrol, ata que conseguiu en 1991 o seu destino definitivo en Sada, no instituto Isaac Díaz Pardo. Alí foi profesora durante moitos anos.

Foi durante os seus anos na universidade cando tivo o primeiro contacto co galeguismo, que formou parte da súa evolución. Gran defensora da lingua, signo primeiro de identidade, comprometeuse e traballou pola dignidade do pobo. Escribir en galego era posicionarse, dalgún xeito,



Luísa Villalta

Luísa Villalta coa súa irmá Susana posiblemente na rapa das bestas de Mondoñedo.

FOTO: RAFAEL VILLALTA. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

29

e ela fíxoo: na súa actividade literaria, no seu traballo diario e na súa vida. Non fixo distincións.

O ensino foi outra das súas motivacións; cría que a través da cultura e cun maior coñecemento era posible abrir a ventá para pensar con compromiso e liberdade. O medio para conseguir unha sociedade mellor. E defendía a ensinanza pública, onde se botaban por terra as diferenzas, e era o espazo para promover o debate, a reflexión crítica, o respecto e a escoita activa. O espazo para facer pensar ao mundo. Responsable e implicada, así era.



Luísa Villalta co seu pai, Rafael Villalta, na primeira metade dos anos 60, no río Mandeo ao seu paso por Betanzos.

FOTO: MARÍA GÓMEZ. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

A música asentouse como un piar infranqueable na súa vida, como unha das ventás de osíxeno que foi atopando e que a mantiña conectada coa realidade. De feito, foi o seu principal labor ata mediados dos anos oitenta. Nunha primeira etapa, como membro do cuarteto musical Escaino, onde daba voz ao violino. O grupo comple-

tábano Paulino Pereiro, fruta travesa e marido de Luísa durante vinte anos —coñecéronse na facultade en Santiago e casaron en 1978—; Juan Fernán Bello, percusión, e Xosé Luís Pereiro, clarinete. Máis tarde formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e tamén da Xove Orquestra de Galicia.

Luísa Villalta

O 31 de marzo de 1977, La Voz de Galicia publicaba unha breve entrevista aos integrantes de Escaino. Eran finalistas no IV Festival de la Canción Liceo La Paz.

31

Dentro de los grupos modernos y de porvenir está el grupo Escaino, finalista en el IV Festival de la Canción Liceo La Paz. Lo integran Xosé Luis Martínez Pereiro, María Luisa Villalta Gómez, y Pauliño Martínez Pereiro. Nos dicen:

—Somos da Coruña. María Luísa ten 19 anos, Luis, 17; e Pauliño, 19.

—¿Eisitos?

—Vencedores da fase provincial de Arousa Folk 76, pasando á fase nacional non competitiva.

—**¿Canciós?**

—Basadas en raigames populares.

—**¿Qué buscades na canción?**

—Espresar e facer sentir algo.

32

—**¿Opinión do Festival?**

—Polos premios que ten axuda a poder seguir cultivando a música, aínda que sería millor se fose un festival pra cantigas orixinaes.

—**¿Por qué participades?**

—Precisamos o diñeiro pra poder facer a música que queremos, e seguir estudando os antecedentes folklóricos dos diferentes pobos.

—**¿Compoñedes vosas cancións?**

—Facemos as cantigas nunha laboura de grupo.

—¿Aspirades ó premio?

—Naturalmente.

Luísa Villalta

De querer, Luísa puido ser profesora de violino, pero outras inquiredanzas asomaron na súa vida e decidiu coller outro rumbo. Como as letras, que petaron na súa porta. Poesía, ensaio, teatro, narrativa e mais algunha que outra tradución tiveron cabida na súa obra, sempre da man da música, da que explorou a súa relación coa literatura. E, aínda que só tivo un tempo moi limitado de produción —arredor duns vinte anos—, o legado que deixou é xeneroso. Sempre con inquiredanzas e pensando en diferentes traballos dentro da literatura, a música e a arte, sen prescindir de ningún xénero.

Foi precisamente a relación que mantiñan música e poesía a que a levou a publicar os seus primeiros textos. O domingo 21 de febreiro de 1982, La Voz de Galicia inclúe nas súas páxinas *A música como arte* dunha Luísa Villalta que se presentaba como membro da Sección de Estética Musical-

-Asociación Pro Música de Cámara en Galicia
«Manolo Quiroga».

Con excepción dos fenómenos en que se asocia con outras artes (música e poesía, música e teatro, etc.) a música é a arte enteiramente auditiva posto que se forma exclusivamente de sons. Mais estes, con ser a materia prima e indiscutiblemente necesaria, non son o elemento fundamental da música, como os óleos, acuarelas, etc., non son o elemento básico da pintura. Se nesta o elemento de transformación creativa é a cor, factor visual de que a especie humana depende dunha forma absoluta, como elemento básico da música temos outro factor, ceais o mais abstracto e mais intimamente ligado ao coñecimento humano. Este elemento é o tempo.

Conscientes da inevitábel incapacidade para definir a arte na súa totalidade, poderíamos dicir, cando menos, que o que esta nos propón é o xogo, a actividade lúdica cos elementos de coñecimento humano. Mediante a utilización dos sentidos que proporcionan datos ao coñecimento abstracto (a vista, o ouvido), o artista permite-se, co seu

labor creativo, xogar a partir da esencia mesma do ser humano.

A música é en si mesma un xogo temporal e, precisamente, nisto reside a súa condición artística.

Da manipulación do tempo con fins creativos deriva-se, pois, o factor principal que conforma a linguaxe musical: o ritmo. O ritmo é a organización do tempo por médio da distribución de acentos que establecen as unidades rítmicas. Deste modo constitúe a realización concreta e particular do tempo, obxecto dunha elaboración, polo que na pura expresión do ritmo por médio da percusión podemos encontrar xa unha manifestación estética.

Do ritmo nace a melodía mediante a incorporación de sons de alturas diferentes. Entre estes sons, tanto por contigüidade como por estar inscritos nun ritmo determinado, existe unha relación que lle confire tamén un sentido estético. Música completamente melódica é, por exemplo, o canto gregoriano que ofrece, incluso, unha relaxación rítmica en favor do puro artificio melódico. Avanzando na historia da música, temos que, a

Luísa Vilalta

partir do período barroco e clásico, esta sucesión de son impón unhas leis determinadas, polo que a melodia ten de circunscreberse a unhas tonalidades e ás relacións que estas impoñen entre si.

No período romántico e postromántico verifica-se unha progresiva libertade con respecto a estas leis en favor de outros resultados estéticos.

Desde épocas antigas (na Europa de principios da EM) surxe o intento de superposición de melodias, de modo que a un mesmo tempo se realice a emisión de diferentes sons. Aquí surxe outro elemento: a harmonía. En contraposición coa melodia, que é a liña horizontal, a harmonía presenta-se en sentido vertical atinxindo só os sons que se producen ao mesmo tempo. Se na melodia hai unhas leis que imprimen un determinado resultado estético, este confrontamento de sons tamén se rixe por unhas normas que determinan o que «soa ben» e o que «soa mal». Esta normativa é o produto dunha evolución histórica da música que vai desde a variábel independéncia das melodias de modo que se entremezclen os ritmos (contraponto), á total interdependencia destas de forma que a independéncia rítmica é escasa

ou nula, inda que normalmente haxa que apreciar unha das melodias que actúa como conductora.

Os recursos significativos

Até aquí só fixemos sinalar os elementos básicos que compoñen o fenómeno musical, os que, sendo obxecto de manipulación polo artista, darán lugar ao feito artístico.

Para iso é necesario se remontar a un segundo nivel onde estes elementos básicos toman unha forma e pasan a ser expresión dun significado estético: pasar a comunicar algo no plano artístico.

Deste modo a conformación destes elementos constitui unha forma musical determinada. Todas as obras teñen a súa forma, indiscutibelmente, se ben algúns tipos formais se convertiron xa en prototipos cunhas características tanto na súa composición como na súa interpretación (aires de danza, canción, fuga, rondó, etc.).

Outro rasgo que confire significado estético é a cor. Trátase do timbre ou conxunción de timbres

Luísa Vilar

que dan un especial resultado sonoro e potencian as características melódicas ou armónicas da obra.

Por último temos as distintas inflexións de matiz, en toda a súa gama do «piano» ao «forte», que dan relieve dinámico ao conxunto sonoro.

Os recursos creativos

Así chegamos aos elementos que caracterizan a creación e interpretación, e onde a linguaxe se converte nun instrumento inútil tratando de obxetivizar este campo inespugnábel.

Como dixemos ao principio, a música é a actividade creadora que utiliza o tempo, ese absoluto «cronos» no que cada ser humano imprime o seu tempo relativo e psicolóxico.

A música que se liga ao primeiro (cronos) está dominada por un principio de similitude (unha música que utiliza isto é a chamada «música repetitiva», da que todo o mundo coñece as propiedades mistificantes ou de elevación ao absoluto). A que, polo contrario, se liga ao segundo (tempo psicolóxico), está dominada polo contraste, a varia-



Luísa Villalta

Luísa Villalta, coa súa nai e a súa irmá, celebrando o seu aniversario a comezos dos anos 70.

FOTO: RAFAEL VILLALTA. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR

39

ción e a súa tendencia ao movemento (as improvisacións jazzísticas son un bon expoñente). Pois ben, o sentimento estético da música, polo menos dentro da cultura occidental, nacería dunha adecuación entre estas dúas constantes.

Mais neste terreno é onde surxe a grande incógnita, o grande misterio da arte, pois aquí entra en xogo a verdadeira capacidade do artista. Non existe neste campo nen a perfección dunha técnica musical que organice os elementos anteriormente citados, como por outra parte tampouco

existe un canon crítico obxectivo, posto que aquí entramos nun espáicio dominado enteiramente pola subxetividade. Precisamente o temperamento artístico é o que é capaz de adecuar ese seu tempo subxetivo ao absoluto, de forma que neste xogo non se anule nen o tempo obxectivo representado polo ritmo, nen falte, por outro lado, ese cariz de subxectividade que impón, en último término, a particular visión do artista.

Luísa continuou afondando nesa relación coa achega de novos textos nas páxinas doutros medios e presentándose xa como poeta en 1985 coa publicación de *Sete haikus*, en *El Correo Gallego*, e mais de *O oco da palabra*, en 1987, en *Agália*, ademais de editar as obras *Concerto para un home só* e gañar o I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago co *Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda*.

No mesmo ano que consegue praza definitiva no Isaac Díaz Pardo de Sada, publica *Música reservada*; *Silêncio, ensaiamos*, e *O paseo das esfinxes*. Poesía, narrativa e teatro, nesa orde.

Sinxela, coherente, íntegra, xusta e nobre. Así a describe a súa irmá Susana, quen dela mantén moi vivos os recordos na casa tocando o violino e falando da súa vida cotiá e mais dos proxectos inmediatos que tiña por diante. Dela garda anécdotas como o camiño á escola, onde unha das paradas era a fábrica de gasosas e o seu bulir de botellas de vidro. «Chin-chin», escoitaban. Ou a volta á casa, co reencontro logo de todo o día coa súa nai e seu pai, no que non faltaban as apertas e os bicos; e coa súa tartaruga, Conchita. Ou mesmo as tardes de cancións, guitarra e radiocasete no seu cuarto, onde Luísa lle ensinaba os seus cantantes favoritos. Naquel cuarto soaban Serrat, Lluís Llac, Bob Dylan ou Joan Báez.

O 6 de marzo do 2004, hai agora vinte anos, a poeta falecía repentinamente na casa familiar de Vila de Laxe, na Coruña, a causa dunha meninxite. Tiña só 46 anos e moita tinta aínda por gastar.

Unha vida tranquila e feliz, plena, na que non faltou a súa implicación coas causas sociais. Defendíaas dende o papel. Fíxoo coa loita pola igualdade da muller e tamén polo recoñecemento da súa terra, na que tomou especial parte cando no

Luísa Vialta

2002 o buque Prestige verteu nas costas galegas 63.000 toneladas de hidrocarburo que levaba nos seus tanques.

Deste xeito viviu Luísa Villalta, con moito traballo e proxectos que ben seguro a encheron de satisfacción.

A súa tinta

Sen música non hai poema

Luísa Villalta

Entre dúas actividades tan absorbentes como a literatura e a música —así se refería a elas—, Luísa Villalta decidiu optar pola primeira porque lle parecía a máis creativa. Ese era o único xeito, dicía, que tiña para expresar a súa idea do mundo. Pero foi na súa relación coa música onde atopou os cimentos para as súas letras. «Para min, a literatura é máis un discurso sonoro», explicaba.

45

Unha das moitas formas que elixiu Luísa Villalta para darlle forma á palabra foi a poesía, na que verteu o seu eu máis sensible e comprometido, pero tamén racional e perfeccionista. O seu primeiro poemario foi *Música reservada*, e, aínda que saíu do prelo en 1991, a súa actividade xa comezara tempo atrás. De feito, algúns dos



Luísa Villalta cos seus pais e a súa irmá na fraga da Espenuca.

FOTO: RAFAEL VILLALTA. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

textos que se recollen nesta publicación xa foran premiados, como é o caso de *Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda* no I Certame Literario da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, un ano antes. A súa produción, entón, remóntase aos anos oitenta.

«Se o principio foi a palabra, antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica». Así comeza un prólogo que firma a mesma Luísa Villalta, con tres palabras claves que se encarga de destacar con maiúscula: *Música, Palabra e Poesía*.

Luísa Villalta

A artista multixenérica que hoxe coñecemos explica nestas liñas introdutorias o significado do título, que vén dicir que algúns compositores do Renacemento recollían baixo o nome de música reservada obras «expresivas, enchidas de licencias cromáticas e disonantes». Reservadas, só, para os coñecedores. E continúa o seu limiar, para xustificar a súa elección, volvendo a esa relación entre música e poesía na que xa afondara en textos anteriores, como o publicado en *La Voz de Galicia* no ano 1982, e que chegará ao seu punto máis alto coa publicación en 1999 do ensaio *O outro lado da música, a poesía*: «Do mesmo xeito, este libro nace dunha experiencia musical que busca o lume da palabra para entender a sombra do seu propio corpo».



Luísa Villalta tocando o violín.

FOTO: RAFAEL VILLALTA. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

Presenta o poemario en cinco capítulos: «Música reservada (1987)», «O oco da palabra (1986)», «Grial do sol perdido (1985)», «Pós-data» e «Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda». Nos tres primeiros, dálle a volta ao tempo de creación e vai dende o presente cara ao pasado.

A poeta Pilar Pallarés, ademais de compañeira de facultade e amiga de Luísa Villalta, presenta, nas follas da publicación *Así vou eu, formando parte*, que firma conxuntamente coa tamén poeta

e xornalista Eva Veiga, unha análise do que nos podemos atopar neste primeiro poemario.

«Na segunda e terceira seccións, con títulos abondo reveladores, achamos poemas existenciais sobre o conflito destino-liberdade, as potencialidades do ser, a aparentemente insalvável distancia entre o eu e o alén-eu. No magnífico «Pensar é escuro» o suxeito lírico débátese tras «un muro de sombra inmerecida», en razón trágica, en tanto do outro lado da xanela, «sempre ao outro lado», está un sol (o «sol perdido» do título da sección) que é a un tempo grial (símbolo da plenitude e da unidade que un día houbo ou soñamos), conformidade do eu co eu, abolición da outredade. Os conflitos existenciais de base maniféstanse de maneira abstracta, son reflexión filosófica que, do punto de vista literario, retoma temas e motivos fulcrais do romantismo europeo e do simbolismo, como a nostalgia do Absoluto, a tentativa de o recuperar a través da arte (música e poesía, e poesía concebida como música), a dolorosa constatación da escisión.

A racionalidade afasta, porén, Música reservada desa tradición. As imaxes son maioritariamente

Luísa Vilalta

racionais, lonxe do visionario; a ambigüidade do símbolo é substituída pola alegoría. A poesía non é iluminación, senón «razón tráxica», pensamento que emerxe da escuridade».

Catro anos despois chega *Ruído* (1995), un poemario que escribe entre febreiro de 1993 e setembro de 1994. Préséntao en tres partes (Roturas —A escada vacía, A vida dividida e Voces—, Ritos de resistencia —Mulier mensura, Isto e Esa pel imposible— e O terceiro sonido) e volve ser ela a encargada de prologalo:

«Este libro é ruído porque, mentres a música se prolonga en ecos interminábeis abrindo-lle portas o infinito, o ruído é por si mesmo un astro estourado cuxas partículas caen a toda velocidade e se desintegran de súpeto, para ser sempre outra cousa, noutro lugar, con outro valor».

Villalta remata o limiar, que dará paso a uns sesenta poemas, cunha interpelación directa a quen le as súas páxinas, preguntándolle: «Ao final, quen somos?». Entra en xogo ese «facer pensar» que caracterizou toda a súa obra. É practicamente imposible mirar de pasada as letras de Luísa; nelas

vai sementando grans de curiosidade e tamén de responsabilidade que prenden no lector. Temas como a lingua e cultura galegas, polas que sentía un gran compromiso de defensa e cuxo estado a preocupaba. «Doéme ser escritora nun país como Galicia. A cultura galega non é unha cultura normalizada, por máis que se queira mirar doutro modo. Os galegos teñen moi difícil coñecer o que está pasando no seu país. Teñen difícil o acceso á cultura galega. En Galicia estase xerando unha reserva cultural apropiada para ser mimada sempre e cando non pretenda saír dos lindeiros que se lle supoñen. Neste terreo existe posibilidade de supervivencia. Pero só así», relataba nunha entrevista do xornalista César Casal de La Voz de Galicia o 29 de outubro do ano 2000.

Nas páxinas de *Ruído* comeza Luisa Villalta a dar voz á Coruña. Un camiño de exploración e exposición da súa cidade que culmina nos seguintes traballos (*En concreto e Papagaio*). «Síntome herdeira da Coruña que defende Galicia», dicía nesa entrevista de La Voz. Amais, hai poemas dedicados a Pancho Pillado, a Xosé Manuel Beiras, a Saleta e Manuel María, a Carlos López e a Antón Avilés de Taramancos, amigos da poeta.

Este último foi tamén referente, «un dos grandes da lírica», poñéndoo á mesma altura ca Manuel Antonio e Passolini.

Das verbas de Ruído, precisamente, colle esta publicación o seu título: Luísa Villalta. A poesía en que salvarse. (Cada mañá son un náufrago / nesta balsa de água e pan, á espera. / A vida boia sempre sobre a cinza. / Haberá poesía en que salvar-se?).

52

Nese mesmo ano, 1995, a autora fai outra achega á poesía. Trátase de *Rota ao interior do ollo* (1995), unha obra breve con cinco poemas titulados coas palabras do cadrado Sator: *sator, arepo, tenet, opera* e *rotas*. No 2003, estes textos fornecerán o caligrama coa ilustración dun ollo, que Luísa Villalta presenta para a exposición *Botella ao mar* e *Flying Carpet*.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| S | A | T | O | R |
| A | R | E | P | O |
| T | E | N | E | T |
| O | P | E | R | A |
| R | O | T | A | S |



Luísa Villalta

53

Luísa Villalta retratada nun verán en Estepona (Málaga) a mediados dos anos 70.

FOTO: RAFAEL VILLALTA. FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

Esa homenaxe á Cidade da Coruña que comezou de xeito máis tímido en *Ruído* colle forza nos poemas de *En concreto*, que sae do prelo no 2004 (a publicación é póstuma, catro meses despois do seu falecemento) e co que a autora se presentara e gañara o Premio de Poesía Espiral Maior. O xu-

rado destacaba, entón, «o pensamento poético maduro e un equilibrio estilístico entre o conceptual e o visionario». A poeta Ana Romaní recolle nunha análise publicada na páxina web da Real Academia Galega a estrutura do poemario explicada pola propia Luísa Villalta. Ninguén mellor ca ela para presentar esta análise:

«Na primeira parte os poemas xiran arredor dos aspectos míticos da cidade, a historia e tamén a intrahistoria da cidade [...]. Unha segunda parte son «Edificios» onde se recrean estes armazóns nos que se move a vida humana [...]. Hai unha crítica contra a explotación inhumana do chan [...], unha defensa desta primitiva relación dos seres humanos co chan. A terceira parte é máis dinámica, «Estampas», onde se reproducen situacións da vida urbana. A Cuarta, «Nomes», é unha reflexión lírica de como os nomes se defenden do seu vaciamento de significado [...]. Finalmente a quinta é o «Poema da cidade alta» [...]. Aí proxéctome eu mesma».

«Así vou eu
formando parte

Non me abandono e formo parte»

A Luísa non se lle esgotaban as palabras se se trataba da Coruña. Sempre había algo do que falar, algo do que escribir. Das imaxes de Maribel Longueira sobre o proceso do derrubamento do Papagaio, o barrio coruñés da prostitución que se reconverteu nunha urbanización, un aparcamento e un centro comercial, saíu *Papagaio* (2006). A autora acudiu á chamada da fotógrafa, que, pensando en publicar eses retratos, pediu a varios poetas que escribisen algún texto sobre o barrio para acompañalos. Aos poucos días, Luísa Villalta apareceu na súa casa con 19 poemas e cunha proposta de estrutura, con seccións e imaxes, e que finalmente se publicaría dese xeito. Ela xa non vería o resultado final.

As primeiras letras da obra son para o cantar medieval de don Denis *Ela tragia na mao un Papagai mui fremoso*. «Ela eras ti, Luísa, o Papagai do libro», escribiu Francisco Xosé Fernández Naval no prólogo da publicación, que titulou A flor da amizade. A obra divídese en tres seccións que seguen a orde cronolóxica dos feitos: «Per amores» (onde o relato é antes do derrubamento), «Tan em vão» (fala do abandono e das ruínas do barrio) e «E caeu» (o momento da demolición).

Luísa Villalta

Ela tragia na mao
um PAPAGAI mui fremoso
cantando mui saboroso
ca entrava o verao;
e diss': Amigo louçao,
que faria per amores,
pois m'errastes tam em vao?
E caeu antr'ûas flores.

Dom Dinis, pastorela do século XIV

56

A forza que imbúe a autora nos relatos de *Papagaio*, dedicados ás prostitutas do barrio coruñés, busca atrapar a quen os le. Neste caso, dá a sensación de que Luísa deixa a un lado ese extremo coidado de como di o que di para centrarse en enviar unha mensaxe máis que directa.

Hai dous poemarios máis de Luísa Villalta, *As palabras ingravidas* (2020) e *Pensar é escuro. Poesía reunida* (2023). O primeiro publícao o Centro Ramón Piñeiro, un proxecto no que a autora estaba traballando no 2004.

O segundo é unha recompilación dos catro títulos que Luísa Villalta preparou para se publicar —*Música reservada, Ruído, Rota ao interior do*



Luísa Villalta

Luísa Villalta intervén nunha homenaxe a Manuel María no ano 1995.

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

57

ollo e En concreto— nunha edición de Armando Requeixo.

Pero a produción da autora espallouse máis alá dos lindes da poesía. Primeiro chegou o teatro, coa obra *Concerto para un home só* editada no ano 1989 na publicación *Cadernos da Escola Dramática Galega*. En números posteriores sairían tamén os textos de *O representante* (1990) e *O paseo das esfinxes* (1991).

Nese mesmo ano ultima a saída da súa primeira narrativa con *Silencio, ensaiamos*. Así a presenta ela: «Once historias que percorren moi dife-



Luísa Villalta no monumento a Zeca Afonso en Grândola, Portugal.

FORTE: ARQUIVO FAMILIAR - CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

rentes timbres e tesituras, harmonías e orquestracións». E en 1992 estréase no ensaio, con *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*, onde pretende «mostrar, e se acaso, deitar algo de luz sobre un enigma chamado Hamlet, na formulación particular que del fixo, con toda lexitimidade e lucidez, Álvaro Cunqueiro».

É esa atención que lle presta ao teatro a que a leva a asinar as súas primeiras traducións, que fai en colaboración con Francisco Pillado: *Manifesto por un novo teatro* (1994), de Pier Paolo Pasolini, e *A mandrágora* (1998), de Nicolás Maquiavelo. En 1999 e 2001 publica *As certezas de Ofelia* e *Os dóces anos da guerra*, respectivamente.

Afondaba de novo nesa relación entre música e poesía coa publicación dun ensaio literario en 1999, *O outro lado da música, a poesía*. Na entrevista concedida ao xornalista de La Voz César Casal, Luísa Villalta admitía o seu claro interese por este tema:

Luísa Villalta

«É un ensaio literario sobre a relación entre música e poema dende as cantigas ata un poema de Álvaro Cunqueiro do ano 1950. Si, a música é un tema frecuente na miña obra. Para min, a música e a poesía son dúas caras da mesma moeda. Mesmo o verso libre sería o equivalente á asimetría compositiva dos compositores contemporáneos. Pero a miña vocación é creativa. O que fago no plano reflexivo é, en todo caso, unha consecuencia da creación. Para min, escribir é un reflexo natural. Pero gústame reflexionar sobre a función da literatura na sociedade».

59

Na obra fala de Manuel Antonio, por quen mostra especial afinidade: «É unha das partes máis apaixonantes do estudio. É un autor difícil de comprender, e vangardista e un antisentimental. Tende a unha abstracción que é moi musical. O

seu reflexo sería o dodecafonismo. É un autor que me encanta».

Así dá comezo á achega de *Este lado, a música*:

«Calquera que fose o principio de todo, o único seguro é que produciu un ruído. Porque un ruído é o efecto da vibración da materia, que se propaga no espazo durante un tempo determinado».

A ese pensamento crítico deulle voz Luísa Villalta coa súa colaboración nas páxinas de diferentes medios. Por exemplo, os textos publicados no semanario *A Nosa Terra* entre o 4 de xaneiro do 2002 e o 4 de marzo do 2004, xusto dous días antes da súa morte, foron recollidos nunha publicación, *O libro das colunas* (2005). Nun destes artigos, *Escribir para quen*, dá resposta á pregunta de para quen escriben os escritores e escritoras galegas:

«Hai quen escribe para si mesmo (e ben que gosta de publicitalo). Hai quen escribe para a Historia (e nunca llo recompensa como cre merecer). Mais penso que só seremos un país literariamente



Luísa Villalta

61

Luísa Villalta, nunha imaxe do 11 de marzo do 2001
FOTO: XOSÉ CASTRO. FONTE: LA VOZ DE GALICIA

acougado cando poidamos permitirnos escribir mesmo para quen non le».

Así era Luísa Villalta: escribía incluso para quen non a lía.

No eido da narrativa faría dúas achegas máis: *Teoría de xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001). Na primeira, unha voz feminina narra as relacións íntimas entre un grupo de cinco persoas que traballan no mesmo lugar.

62

«Pergúntome que forza irracional existe para que os seres humanos nos aproximemos entre nós facendo determinadas combinacións e desbotando un senfín de posibilidades seguramente mellores ou, cando menos, non peores das que inevitablemente elexemos ou ás que nos vemos abocados».

En *As chaves do tempo*, a autora presenta o dilema do rei Artur coa sucesión entre os seus dous fillos. «Silencio me chaman porque neste tempo en que vivo non se me escoita», dá comezo.

Dicía Luísa Villalta que quería facer unha obra, e que prefería que fose iso o que falase por ela.

Toda a súa obra, na que traballou cun compromiso e unha responsabilidade altísimos durante todo o tempo que puido, non deixa de contarnos cousas (algunhas novas) sobre a autora que homenaxeamos neste Día das Letras Galegas 2024. Unha obra que non pode estar máis de actualidade, dunha persoa que coa súa alta sensibilidade cara aos problemas do seu momento e perfeccionismo en todo o que facía daba conta da súa xenerosidade infinda de querer chegar a todo o mundo.

Luísa Villalta

A poeta e violinista da Coruña convértese na sexta muller á que a Real Academia Galega coincide en destacar ao longo destas 61 edicións, logo das protagonistas Xela Arias (2021), María Victoria Moreno (2018), María Mariño (2007), Francisca Herrera Garrido (1987) e Rosalía de Castro (1963). Unha Rosalía que inspirou a Luísa Villalta nas súas primeiras lecturas.

Luísa Villalta demostrou ser o que dixo que era: unha escritora á que o que verdadeiramente lle importaba era que se lese, lonxe dos booms editoriais e de todo o demais. A poesía só é necesario que se lea, e non que se venda, contáballe

a un xornalista de La Voz: «Prefiro que se lea un libro mil veces nunha biblioteca pública a que sexa un éxito nuns grandes almacéns».

Voz do necesario

(A poesía de Luísa Villalta)

Teresa Seara

Profesora e crítica literaria



O 6 de marzo do 2004 truncábase, dunha forma súbita e cruel, a vida de Luísa Villalta, escritora que cultivou con brillantez todos os xéneros literarios (poesía, ensaio, teatro, narrativa, tradución, articulismo xornalístico) e unha persoa que soubo ler o seu tempo con lucidez e compromiso, solidarizándose sempre coas causas xustas. Nesta altura, xa editara os libros de poemas *Música reservada* (1991), *Rota ao interior do ollo* (1995, plaquette que publican, en Lisboa, as Edições Tema) e *Ruído* (1995), aos que se sumarán as obras póstumas *En concreto* (2006, galardoada cos premios Espiral Maior e da Crítica de Galicia), *Papagaio* (2006, onde os seus versos dialogan coas fotografías de Maribel Longueira) e *As palabras ingravidas* (2020). En todas elas cumpre a autora

coa premisa de «facer do poema a biografía» (así o di en *Ruído*) para «ser, ao fin, un ser con todo» (segundo afirma en *Música reservada*), pois non só plasma nos seus versos aquilo que a interpela individualmente (a busca do coñecemento puro, a emoción musical, o vínculo máis ou menos conflictivo co territorio urbano), senón que, desde a súa propia identidade –claramente feminina e galega–, Villalta concibe o poema, segundo Eva Veiga, como un «rito de resistencia» que tanto atende á memoria histórica e persoal da cidade como concede voz ás prostitutas do Papagaio no libro homónimo. Así, afirmaba nunha autopoética pouco antes da súa morte: «O mundo mesmo son eu [...], unha maneira galega de ser humana».

Titulada superior en violín, Luísa Villalta concédelle á música rango de tema transversal na súa poesía: imprímelles aos versos un marcado ritmo melódico e procura captar o terceiro son, esa sutilísima nota fantasma que vibra nos escasos e fugaces instantes de harmonía plena, sabendo, como explica dunha maneira diáfana no ensaio *O outro lado da música, a poesía* (1999), que a voz foi o primeiro instrumento musical. Por iso apela á cadencia da palabra para provocar, grazas



Luísa Villalta

67

Luísa Villalta, camiñando polos xardíns de Méndez Núñez da Coruña o 16 de xullo do 2003.

FOTO: XOSÉ CASTRO. FONTE: LA VOZ DE GALICIA

ao seu corpo rítmico, unha resonancia profunda en quen escoita e/ou le os seus versos, onde se restaura o lazo primixenio que uniu á música e á palabra. Para logralo apóiase tamén nun vasto acervo cultural cheo de referencias filosóficas e

literarias, facendo así que a súa sexa unha poesía complexa, pero moi humana e comunicativa.

Traza en *En concreto* –punto de inflexión na súa traxectoria– unha crónica exhaustiva do corpo arquitectónico e humano da súa urbe natal, a quen chama Cidade Alta, onde o ser se (re)configura grazas, sobre todo, ao contacto cos cidadáns adoito ignorados (inmigrantes, tolos, pobres...) e cos barrios marxinais. A demolición dun deles, o Papagaio, será obxecto dun libro póstumo onde se dá conta da «inservíbel dignidade da ruína» (*Papagaio*), adoptando unha postura solidaria coas mulleres que alí vivían e criticando con dureza a mercantilización que as aboca a prostituírse e tamén as despoxa do seu fogar.

Na súa obra poética quixo sempre Luísa Villalta, e así o afirma ela mesma nunha entrevista, «mostrar aspectos recónditos da propia existencia», avanzar ata ese punto ignoto do baleiro subxacente ao propio silencio para, desde el, construírse e dicir(nos) cunha voz musical, elegante e densa que se adelgaza, paradoxalmente, nos textos que están máis ‘grávidos’ de sabedoría. Son os que escribe, nos días previos á súa mor-

te, nun almanaque literario para o ano 2004 da editora lusa Assirio & Alvim e que conforman o volume *As palabras ingravidas*. Anotou Luísa nas páxinas destinadas ao 17 e ao 18 de xaneiro: «Escoito a voz / que me silencia: / comezo a expresar / o necesario», pois xa se intuía próxima a ese punto álxido que tanto desexaba acadar, alí onde perdura xa para sempre a súa vibrante voz. Porque, como se le no «Soliloquio da serpe», poema que achega á obra colectiva *Mulher a facer vento* (1998),

Luísa Vilalta

Aí escribo eu
sobre a pel seca dos corpos vacíos
detida a morte apenas na traxectoria do voo
buscando pola transformación a luz primeira.

A voz da amizade

Para a artista que celebramos neste Día das Letras 2024, o valor da amizade era o máis grande. Ese sentimento de fidelidade foi o que lles transmitiu ás voces que falan a continuación, as de María Pilar García Negro, Marga do Val e Mercedes Queixas. Voces de amigas e de compañeiras de profesión que lembran —ou non dun xeito nítido— ese primeiro encontro con Luísa Villalta, as súas obras favoritas e as súas mellores anécdotas. Todas coinciden en subliñar esa capacidade súa de rir e de facer rir, ese humor tan intelixente, esas conversas tan agradables que mantiveron con ela e ese baleiro tan grande que deixou logo do seu pasamento. Concordan tamén na actualidade da súa obra, que deixou no seu mellor momento. Amais, cada unha delas responde

as mesmas preguntas, en breve, nas que deixan unha mensaxe en espera para ela. Que lle dirían hoxe á súa Luísa?

María Pilar García Negro

Profesora da Universidade da Coruña e escritora

Luísa Villalta

Elegante, intelixente, razoadora e atenta. Así define María Pilar García Negro á súa amiga Luísa Villalta, con quen conxeniou dende o primeiro encontro. Férrea defensora da liberdade de pensamento e de expresión, á artista multixenérica preocupáballe o devir da lingua galega. «Quería recuperar vocabulario auténtico e limpar o idioma de adherencias estrañas e castelanizadoras gravadas nel», explica García Negro. Esa inquietude levouna ás aulas, así como o seu amor pola literatura galega.

75

- Lembra a primeira vez que coincidiu con Luísa?
- Non, con exactitude non. Sitúoo no ecuador dos anos oitenta. Penso que nos coñecemos grazas a Fran-



Luísa Villalta, de pé, ao lado de María Pilar García Negro, na presentación dun libro de Marica Campo na librería Couceiro da Coruña que xuntou varias persoas amigas, entre elas Pilar Pallarés. Foi o 11 de xuño de 1996

FONTE: ARQUIVO PERSOAL DE MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

cisco Pillado e Manuela Vega, que eran eles mais as súas fillas, Elena e Ana, íntimos de Luísa Villalta. Ou grazas a ser eu compañeira e amiga de Carlos Paulo Martínez Pereiro, que era o irmán de Paulino Pereiro, que era o home de Luísa. Labramos unha amizade constante de grande asiduidade até o momento tristísimo do seu falecemento.

— **Conxeniaron dende o minuto cero?**

— Si, dunha forma moi estreita e absoluta. Luísa era a elegancia personificada, e con isto non me refiro a

nada banal ou superficial, senón a unha calidade de carácter e de actitude ante a vida e a amizade e as súas descubertas. Quero dicir que tiña unha grande avidez de coñecemento e un interese por dotarse de información sobre as realidades da propia Galiza, do país, a través dunha descuberta persoal, e isto reflíctese na súa obra. Hai moita realidade que ela, por nacemento ou clase social ou pola primeira socialización, non puidera coñecer. De maneira que isto foi unha virtude que a caracterizou sempre, e, acompañante desta virtude, tiña unha capacidade moi grande de escoita. Lembro conversas con ela agradabilísimas, non por sermos ou estarmos de acordo, senón por ser unha persoa moi intelixente, razoadora e atenta aos argumentos, e moi aberta a coñecementos extraliterarios: a conectar a literatura coa historia, coa filosofía e co pensamento en xeral. Fóra de todo divismo e de todo individualismo. Isto cadraba completamente coas miñas propias opcións, e de aí unha coincidencia moi grata non só no campo literario, senón fóra de aí, no político, no activismo, na participación activa de mobilizacións sociais, que, ademais, no seu período vital e literario foron continuadas. Esa vida plena dela como adulta e escritora cadra coa presidencia de Fraga na Xunta e de Francisco Vázquez na alcaldía da Coruña. Isto

Luísa Vilalta

foi orixe e causa de continuas reclamacións do movemento cultural galego en todas as ordes. Ela foi membro activo de toda esta movimentación, aquí na Coruña, a propósito de algo tan elemental como o respecto e uso do nome xenuíno da cidade e do nome legal. Así que, claro, a súa personalidade é poliédrica e moi rica e moi atractiva tamén no roncel dunha tradición galega onde artistas e literatos se comprometeron activamente a respecto do presente e do futuro digno para o país.

78

— **Cal era o valor da amizade e fidelidade para Luísa?**

— Era moi grande, nunca foi unha persoa banal e nunca convenienzuda. Eu gardo unha carta dela onde, á parte do cariño e agarimo enorme que me tiña, que era recíproco, ela, en nome desa amizade, tamén desvenda particularidades da súa visión dun libro, Ruído, onde di que somos seres humanos en exercicio se aspiramos en primeiro lugar non só ao respecto e á paz, senón á dignidade. Ela ese sentido de relación interpersonal despois aplicábao tamén ao seu propio pobo, a Galiza, e á defensa da paz e existencia libre de todos os pobos do mundo. Hai unha

coherencia entre ese aspecto máis íntimo e persoal e a súa posición ideolóxica.

— **Tivo problemas para publicar as súas obras?**

— Luísa Villalta xamais pertenceu ao gremio da cultura oficial galega, da cultura autonómica, da cultura máis institucionalizada. Isto compróbase examinando as editoras en que publica, todas contrarias ao que facían as vinculadas ao mundo oficial. Estas permitían e favorecían a liberdade de pensamento e expresión, incluída a forma lingüística. Aquel conflito normativo o que realmente escondía era o problema da liberdade de pensamento e de expresión. Puido publicar a súa obra porque había esta alternativa. Ela pertence a esta existencia libre da literatura galega.

— **Como era a súa poesía?**

— É difícil de concretar en poucas palabras. Ela é unha poeta do pensamento. Unha poeta moi vinculada a que o eu lírico encaixe sempre nun intento de comunicabilidade racional entendíbel. É unha poeta densa; non é nada banal nin doada no sentido vulgar ou simplista da palabra. Na súa propia obra poética vai marcando unha evolución interesantísima. Ela comeza por un exercicio literario onde prima máis

Luísa Villalta

o pouso de todo o lido. Unha primeira poesía con máis peso do metaliterario. Mais, despois, vai avanzando a un coñecemento máis directo e próximo do inmediato. Vinculado a Galiza e á súa propia cidade. A desvendar aspectos da Coruña fóra do tópico. A maioría social da Coruña non é a que ten máis visibilidade; a maioría social é a cidade máis populosa que reside fóra do núcleo do centro máis coñecido. A Cidade Alta da que fala. Esa evolución realmente é moi interesante e demostrana os títulos da súa traxectoria poética. Desde Música reservada até En concreto ou Papagaio. Agora, o que hai que advertir é que en toda a obra poética, e non por baixo da súa vocación poética, senón ao lado dela, consta o seu coñecemento musical. Para ela, a poesía, por definición, é a utilización da música a través da palabra. A procura dun ritmo e melodía convertidos en arte poética e arte verbal. Ela tamén cultivou todos os xéneros, ao incluír como arte a música. Fai esa máxima dos clásicos gregos cando dicían que todas as artes eran amigas e que intentar separalas incomprendería todas elas. Faina moi certa. Esta boa formación musical e esa súa intelixencia e talento artístico está moi presente en toda a súa obra poética e en toda a súa obra. O que acontece é que escolle a literatura. Ela chega a ser violinista no máximo

nivel de profesionalidade. E opta por que o seu *modus vivendi* se vincule ao ensino, como profesora de Lingua e Literatura. Xunto con isto, ela posterga esa súa dedicación profesional á música e privilexia a súa dedicación literaria. Por exemplo: a autodefinición como escritora é a que figura na ficha de afiliación ao BNG en 1992: escritora. Iso non supón o abandono absoluto dese seu coñecemento anterior. Francisco Pillado sempre a animaba a retomar a práctica do violino. Pouco antes de falecer, promételle que o ía facer. Eu asistín en Vila de Laxe, no número 6, sendo ela máis coñecida como escritora, a maravillosos concertos de violino e piano. Ela no primeiro e Paulino no segundo. Despois, ela privilexiou, nesa unión de artes, a súa dedicación á unha delas, a literatura.

Luísa Vilalta

— **A súa poesía era rebelde?**

— Si, claro, no sentido de que era unha escritora inconformista respecto do estado do seu país, do seu pobo, da Galiza. Polo tanto, cunha militancia e unha práctica nacionalistas, e inconformista ante o estado da humanidade do mundo en situación tan esmagada e dorida. Un dos seus últimos poemas, publicado no 2003, está dedicado a Palestina. Estremece ler hoxe

estes versos, porque é tal cal a situación que estamos a vivir, que nos arrepía.

Hai aínda nenos esperando turno para non nacer
que se agolpan entre as pedras
mentres a voz dun deus escravo
envía lexións de anxos coas botas de milicia enfurecida
repartindo os naipes do seu propio temor

E eu confeso que son débil.
que son moito máis débil que o odio
máis débil que a pobreza ante a riqueza inegociábel
máis estraña que o hábito vencido da represión
Por iso pido a paz
pido a paz e un estado popular
para o pobo pobre
débil coma min en Palestina.

Do poema «Debilidad», en *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*. Fundación Araganey. Santiago de Compostela. 2003.

— **Tocou moitos xéneros e é moi difícil de encastrar nalgún. Pero cal lle resultaba máis atractivo?**

— Non sabería dicir. O caso é que cultiva coa mesma maestría todos eles. Entón ela caracterízase por ser unha autora moi lúcida de discurso metaliterario. De análise sobre a literatura e sobre a súa literatura

tamén. Nun texto do ano 2000, Sobre un certo estado de conciencia, aclárao: «Os temas non son meus, son o mundo mesmo. E, á vez, o mundo mesmo son eu. O tema é o que me fai a min comunidade: unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo devir de ser galega».

Luísa Vilalta

— **Compartía o momento de escrita da súa obra?**

— Non, era unha persoa moi discreta e non gostaba de pórse nunca no primeiro plano. Eu coñecina unha vez publicada, e celebreina.

— **Como foron mudando os temas que escribía e a forma de expresalos?**

— Comeza por unha autoindagación, por unha introspección, por unha ollada ao interior. E, dende aí, unha ollada ao mundo. Esa primeira ollada ao mundo comeza por un exercicio que ten moito de relectura, de expresión literaria dela aínda moi vinculada ao seu acerbo cultural, ao seu coñecemento literario. Despois vai evolucionando cara á unha ollada máis individualizada e personalizada, e máis en contacto con novas realidades da Galiza que ela estaba xa captando. De maneira que a evolución iría dende

ese primeiro eu máis marcado a un nós cun sentido claro de pertenza a un país distintivo, a Galiza.

— **Dicía que Luísa era unha activista sempre pronta para as causas colectivas. Que lle preocupaba? Cara a que mostraba máis sensibilidade?**

— Desde a perda de peso industrial na Galiza ante os problemas derivados da dependencia das políticas do Estado español e da Comunidade Económica Europea, pasando pola contestación cívica a catástrofes como o Prestige, ou interesándose pola necesaria socialización da literatura galega a través da súa intervención directa na AELG, da que foi membro da dirección durante moitos anos. Ou como promotora integrante do Foro da Cultura Galega.

— **Amais de música e escritora, sumábase a faceta de docente. Escribía para eles tamén, non? Para as novas xeracións, a semente do futuro.**

— Si e non. Ela ten un trato de tomar moi en serio a súa profesión docente, de comunicarlles amor pola literatura galega a través de libros que lles levaba, de informacións directas, sobre clásicos da literatura galega e doutras literaturas, sobre actividades. Ela estaba moi preocupada pola necesaria autenticidade da

lingua galega, por recuperar vocabulario auténtico, por limpar o idioma de adherencias estrañas e castellanizadoras gravadas nel. Hai un labor constante, moi serio e moi consistente na súa profesión. Está a súa literatura dirixida monograficamente a un certo público? Todo depende da nosa capacidade como persoas adultas de comprensión dunha literatura complexa e profunda que non é comercial. Non ten nada de aproveitamento ou de tendencia mercantil.

Luísa Vilalta

— Escapaba do boom editorial. Non quería que as súas palabras quedasen nun libro, senón que fosen máis alá.

— As motivacións dela eran outras, por iso é a antítese de toda superficialidade, de toda escolla previa de temas ou de motivos que sabes que van ter boa venda.

En breve

Con que obra quedas de Luísa?

- Dúas, en verso, *Ruído* (1995). En prosa, un ensaio das súas moi finais

produccións, publicada no 2003, nun libro colectivo de homenaxe a Virxinia Woolf: *Por que os homes non nos len.*

Por que?

- *Ruído* marca un antes e un despois. Para min, tal e como o leo, é o que indica a divisoria entre estas dúas maneiras na súa traxectoria poética. O título xa é significativo: confrontar e confrontarse á comunicación e á incomunicación do mundo exterior e das súas continxencias e das súas necesidades e problemas. O ensaio, porque é dunha agudeza e finura analítica extraordinarias.

Como a definiría?

- Sabia, elegante, galega consciente e amiga entrañábel.

Algunha anécdota feliz que lembre con ela?

- Era unha persoa moi ben humorada, cunha ironía e un humor moi intelixentes que concordan coa miña

personalidade. Temos rido moito. Unha das ocasións é que eu lle comentaba a miña ilusión por poder tocar o triángulo ou dar un toque nun instrumento de percusión. Ela ría moito, porque non lle cadraba nada, a miña personalidade co que eu dicía dun instrumento de percusión.

Que lle diría hoxe a Luísa?

- Non dou acabado de botarte de menos.

Luísa Cillarta

Marga do Val

Escritora

88

Na súa relación de amizade con Marga do Val, Luísa Villalta conseguiu que a tamén escritora a sentise parte de toda a súa vida: «Para min é coma se Luísa estivese aí dende sempre». Aínda que non lembra con exactitude a primeira vez que a viu, Do Val non esquece a última: nunha cea de homenaxe a María Pilar García Negro: «O de Luísa foi como se che arrancasen algo de súpeto. Deixounos de pedra. Foi un trauma». A lingua e cultura galegas, o nacionalismo ou o feminismo foron algúns dos grandes temas sobre os que pivotou o seu activismo. Conta Marga do Val que Luísa, aínda que soubese que unha batalla estaba perdida, loitábaa até o final.

— Lembra a primeira vez que viu a Luísa?

— Non teño conciencia de cando a coñecín, para min é coma se Luísa estivese aí dende sempre. Coincidimos nas xornadas de ensino, e eu estiven vendo como falaba ela, e ela estivo vendo como falaba eu, pero ao mellor nin sequera falamos. Só sei que no ano 1988 aprobamos xuntas a oposición de ensino e no mesmo tribunal. Tampouco lembro a primeira vez que falei con ela. Si que lembro a última vez que a vin. O de Luísa foi como se che arrancasen algo de súpeto. Deixounos de pedra. Foi un trauma. Hai certos paralelismos entre a morte de Xela e a de Luísa: eran dúas persoas novas, no mellor da súa vida. Luísa acababa de gañar o Premio Espiral Maior. Era un recoñecemento. Estaba no mellor da súa vida e estaba feliz. Tamén tiñamos un proxecto precioso, que era comezar a dialogar. Nós escribiamos no mesmo número e na mesma sección cada quince días. Un día díxome que tiñamos que facer como fan eles, referíndose aos homes. Temos que dialogar entre nós, temos que inventar algo. Foi un dos proxectos que quedou aí, como moitos outros.

Luísa Villalta

— **Cando comezou esa amizade tan estreita?**

— Cando marchei vivir a Alemaña, no ano 1995. Tivemos moitas conversas, chamábaa moitísimo por teléfono: nunca falei tanto. E tamén nos escribiamos. Falabamos tanto porque lle interesaba a cultura alemá. Luísa tiña unha formación moi ampla, preocupada pola cultura anterior. Ela quedara moi sorprendida porque hai lugares moi simbólicos en Alemaña. Eu estaba en Tréveris, onde lle cortaron a cabeza a Prisciliano. Logo, marchei a vivir a Bingen, onde había unha escritora medieval, Hildegarda de Bingen, que, ademais, era santa. Iso esquecíase a moita xente, e tamén a Luísa, que ría moito. Cando saíu *Teoría de xogos*, en 1997, ela mándama a Alemaña e escribeme nela: «Para Marga, que vela pola nosa memoria en Tréveris, onde non nos dan vencido. Unha aperta».

— **Compartiades ese interese e compromiso coa lingua e cultura galegas. Que lle preocupaba a Luísa do galego?**

— Compartiamos un compromiso coa lingua e cultura galegas, militabamos as dúas no BNG. No ensino, ela agora estaría horrorizada. Preocupábanos que o alumnado aprendese, que fosen persoas críti-

cas. Non hai tempo agora para a lectura nas aulas. Preocupábanos a conciencia crítica entre o alumnado, facer que se movese. E a cultura galega, que fose por ela mesma, sen ser dependente de ninguén. Nós propiciabamos todo iso no ensino. E, sobre todo, a presenza do galego, a dinamización, que tivese presenza, que non fose unha lingua folclórica. Que se fixese dona das aulas, co seu lugar.

Luísa Vilar

— **Fóra do ámbito da lingua, contra que outras inxustizas se sensibilizaba?**

91

— O nacionalismo. No Foro da Cultura, Luísa era a encargada de facer unha revisión histórica da cultura galega, de como aparecía representada. Ela non era unha persoa que buscase a fama nin que se lese, ela cumpría o seu papel, que era o de continuar cunha tradición que lle veu herdada. Hai un texto de Luísa, que é unha especie de poética, publicado alá polo 2000, onde fala dos temas da literatura, que poden ser a vida, a morte, ou igual son a mesma cousa. Logo, fala de algo fundamental para ela: o devir de ser galega, de ser humana e de ser comunidade. Luísa herda iso. Hai un artigo que escribe cando morre Novoneyra, e creo que hai que partir de aí para entender moito do seu pensamento e da súa maneira de actuar. Era

moi coherente, e moi divertida falando, tiña moita retranca. Nese artigo, que se titula *Galiza ou nada*, Luísa comeza dicindo: «Cando Novoneyra escribiu este verso nacía eu. Ao mellor no mesmo momento». Viña dicir que quedaba marcada por ese verso e por esa xeración. Que asumía a liberdade de Galicia e loitaba pola liberdade e identidade de Galicia. Ela sabía que iso era unha condena. Nalgún momento chega a dicir que ela foi como unha aristócrata empobrecida que deixou o violín e baixou á rúa. Tamén había un debate moi grande no mundo feminista, no mundo da escrita. Luísa reflexiona moito sobre isto en dous textos: *Mulleres si, pero* e *Por que os homes non nos len*. Para ela, situar unha etiqueta de literatura de mulleres era coma se fose un defecto. Era moi importante naquela altura estar nese debate.

— **Era moi perfeccionista coa súa obra. Estivo presente nalgún proceso creativo dela?**

— Non, ela tampouco dicía moito, pero sabías que estaba escribindo algo. O que sei é que Luísa tomaba moito tempo para estar soa. Era moi organizada. Eu creo que iso lle vén de ser música, o de ter un horario determinado e disciplinado. Así que pasou esa disciplina á escrita. Escribía todos os días, pero tiña

horarios. Sufriamos moito por algunhas cousas, como a situación política, e falabamos moitísimo. Ela diciame: «É que ti tes moita sorte, tes dous nomes, se Marga Romero se enfada, Marga do Val suaviza. E eu só teño un». Eu non sei se ela sabía que o seu proxecto era impresionante. Saír da música reservada e chegar non só á rúa, senón que despois entra nas casas que non existen e conta as historias. *Papagaio* é impresionante, moi valente. Para min é o mellor.

Luisa Villalta

— **Música, docente e escritora. Molestoulle ter que elixir?**

93

— A elección non foi esa, senón a de buscar un modo de vida. Nin ser música nin ser escritora: preparar unhas oposicións e ser profesora, e, por encima, que che caese a condena de que che gustase ser profesora. Probablemente, se Luísa non fose profesora e non estivese preocupada pola pedagogía, non escribiría O outro lado da musica, a poesía. Aí está a pedagoga e a investigadora.

— **Que a motivaba da docencia?**

— Cambiar o mundo, incitar á rebeldía. Había que cambialo. A pesar do tempo no que estamos, o mundo só pode cambiar pola escola. As persoas somos

máis felices cando sabemos e podemos elixir. A cultura afástanos do escravismo. Canto máis saibas, máis podes elixir.

En breve

Con que obra queda de Luísa?

- É moi difícil. Quizais, pola miña relación con ela e polas nosas conversas, quede cun poema que se chama *Morgana*, ou con outro que se chama *As camas de antano cantaron*.

Como a definiría?

- Unha humanista actual.

Algunha anécdota feliz que lembre con ela?

- Teño tantas! Hai unha que non podo situala no tempo. Por exemplo, cando me dicía que estaba encantada de ver o noso can, que o levase ao encontro de escritores. Un día foi ata a unha reunión,

e dicíame: «Estaba alí tan bonito, e parecía que ía levantar a patiña!».

Que lle diría hoxe a Luísa?

- Que as súas obras son de total actualidade, necesarias, e o que me gusta comunicarlle á xente nova que ela escribiu para eles.

Luísa Cillarta

Mercedes Queixas

Profesora de lingua e literatura galega, escritora e académica correspondente da Real Academia Galega

96

O interese que ambas compartían na literatura, a docencia e a política, amais a súa forma de velas e entendelas, levaron a Mercedes Queixas e Luísa Villalta a cultivar unha estreita amizade. «A Luísa preocupáballe todo porque nada lle era indiferente», subliña a tamén filóloga pola Universidade de Santiago. Queixas destaca a súa poesía de denuncia social, «non ao uso», no que mostra un posicionamento renovado. Os seus poemas, di, están profundamente elaborados e cheos de referentes cultos, e non deixan a ningún indiferente: «Logo de ler *En concreto*, é imposible pasear a cidade da Coruña sen ter a voz poética de Luísa aí acompañándote».

— Cal foi a primeira vez que coincidiu con Luísa?

— Non estou segura, pero tivo que ser nun acto literario na Coruña. Da última si, dous ou tres días antes de morrer.

— Como comezou a coincidir máis con ela? Esa relación máis estreita?

— A relación vén por tres vías. Unha, literaria, desde unha admiración que eu sempre sentín por Luísa como poeta e tamén como pensadora e ensaísta. Tiña moita ansia de lela sempre na súa columna en A Nosa Terra. A segunda, como docentes. Tamén era unha referencia, amais de escritora e muller pensadora, como docente. Era diferente, das que buscaban estratexias didácticas que colocasen o alumnado como persoas activas e reflexivas. Estaba moi implicada no campo da normalización lingüística. Coincidimos nunha forma de entender a lingua e a literatura galegas: activa, participativa e reflexiva, colocando o alumnado sempre na perspectiva de analizar a realidade sociolingüística e de dar ferramentas para intervir nela. E a terceira é a vertente política, como militantes do BNG. Había encontros en grupos de traballo, en encontros sectoriais de cul-

Luísa Vialta



Luísa Villalta, no centro, acompañada de Mercedes Queixas e Ánxeles Penas no IV Salón do Libro Galego da Coruña, nunha imaxe do 18 de maio do 2002.

FOTO: KOPA. FONTE: LA VOZ DE GALICIA

tura en que coincidiamos. E na concepción de Galiza como un país.

— Que lle preocupaba a Luísa do rumbo que levaba Galicia?

— A Luísa preocupáballe todo, porque nada lle era indiferente. A biografía de Luísa está marcada e atravesada polo seu tempo e polo seu espazo. A intervención de Luísa era colocarse sempre de parte de quen o necesitaba, de quen estaba nunha situación de desigualdade e inferioridade. Preocupáballe todo. Foi moi activa no movemento Nunca Máis, como o foi en todos os movementos arredor da pedagogía,

en relación coa necesidade de avanzar nos dereitos lingüísticos, na recuperación de usos para a lingua galega. Hoxe estaría volvendo a escribir e participando arredor do xenocidio de Gaza, na defensa do pobo palestino. Todas aquelas causas que impliquen xustiza social, memoria democrática, soberanía nacional, aí estaba Luísa. Era unha muller de principios moi firmes, que transmitía cun discurso sempre culto, elocuente, pero tamén sempre moi contundente. Tiña unha voz o suficientemente serena para ser capaz de transmitir uns principios de vida e unha ética de vida solventes e contundentes. E o feminismo. Unha das voces de mulleres do seu momento que me achegou ao que é a reflexión feminista foi Luísa Villalta, que o tiña absolutamente claro. Recordo participar nunha mesa redonda con ela, na que se falaba desa etiqueta de literatura de muller. Ela cuestionaba que era iso de literatura de muller. Ela non quería estar nunha colección á parte. Ela reivindicábase como unha escritora para todo o mundo. Non quería ser encerrada nun gueto. Defendía unha concepción de escritora universal.

Luísa Villalta

— **Como era a súa poesía política?**

— Non é unha poesía de denuncia social ao uso, porque ela ten unha poesía profundamente elaborada e chea de referentes cultos. Non é a poesía de denuncia social que coñeciamos dos anos sesenta e setenta. Hai un posicionamento social, pero renovado. A poesía de Luísa Villalta ten unha compoñente de renovación na linguaxe e nas propias formas métricas. Ten unha vontade de transformación e de vangarda moi importante. Polo tanto, si que hai intervención, si que hai denuncia social, pero cos parámetros de poesía dos oitenta e noventa, que son diferentes aos anteriores. Hai poesía de denuncia social cando les *En concreto*. Vas lendo os pasos da Cidade Alta, da Coruña, pero tamén vas recoñecendo como é esa cidade. Ou cando les *Papagaio*, ves que é unha escrita de intervención e de denuncia social. Do que había aí e da necesidade de gardar esa memoria. É un espazo que se converteu nun outro lugar para un tipo de xente, un lugar de cemento frío que anula a memoria das vidas que aí transcorrían.

— **Dicías que Luísa fixo da Coruña cultura poética.**

— Fixo materia poética da Coruña. Para min, para unha persoa que lea *En concreto* é imposible pasear

a cidade sen ter a voz poética de Luísa aí acompañándote. Miro o Obelisco e vexo ese poema caligrafiado do Obelisco, ou vou camiñando polas rúas do meu barrio colindante co dela, co da Falperra, e vou vendo como serpean, e subimos esa costa e como imos sostendo a vida, nos nosos pasos e nos seus versos. Para min é un orgullo de cidade que deberíamos ter, e reivindicar unha voz poética tan culta e contundente e singular.

Luísa Vilalta

— Unha homenaxe e tamén unha crítica, non?

101

— Unha cidade real. Polo tanto, ten unha parte de homenaxe e de laudatio, pero ten outra de colocar os pés na terra e de facer unha parte crítica e de reflexión social. A vida e a cidade mesma. Hai un verso moi bonito que é: «Acabarei por facer do poema a miña biografía». Camiña perfectamente a vida de Luísa e o seu pensamento nos pasos da cidade.

— **Moi perfeccionista e moi sensible no momento de falar de certos temas na súa obra. Como foi mudando esa forma de facelo?**

— Coa obra que viu a luz, ela chegou a ser unha voz poética inmensa. Eu teño para min que o groso dessa carreira poética, literaria en conxunto, o groso

desa obra quedounos pendente pola súa morte tan temperá e brusca. Era unha voz poética que xa tiña espazo propio, que estaba en transformación. Luísa estaba nun proceso de investigación continua, e creo que esa obra completa quedou truncada.

— **A súa obra é moderna?**

— Totalmente vangardista. Ao mesmo tempo, contemporánea, viva e que se aproxima ao lector de calquera tempo. A min estame sorprendendo moito, nestas semanas, como xente moza que a está lendo por primeira vez queda impresionada. É un proceso moi parecido ao que sucedeu con Lois Pereiro ou Xela Arias. Poetas dos oitenta e noventa que transcenderon o seu tempo.

— **Hai unha foto súa, no salón do libro galego, que lembra con especial cariño. Como foi ese día?**

— Era unha presentación na feira do libro de varias obras de mulleres da cidade, de mulleres coruñesas. Estaba ela, estaba eu e mais Ánxeles Penas. Recórdoa con moita admiración: era estar ao lado de dúas grandes referentes. Recordo sobre todo o que me pasaba sempre cando Luísa comezaba a falar, que era

quedar abstraída polo poder de atracción da súa voz e da profundidade do seu discurso.

Luísa Vilalta

En breve

Con que obra queda de Luísa?

- Con *En concreto* e co *Libro das columnas*.

Que lle espertan?

- *En concreto* axudoume a ver a cidade con outros ollos, reconcilioume coa cidade da Coruña. E o *Libro das columnas* porque é descubrir unha muller pensadora enciclopédica.

Como a definiría?

- Conciencia, afecto e mestra.

Algunha anécdota feliz que lembre con ela?

- Lembro o seu sorriso como unha actitude ante a vida. Dende un simple

saúdo até o sorriso como fio condutor da conversa. É un sorriso que me transmitía moito sosego e acougo.

Que lle diría hoxe a Luísa?

- Estámolo conseguindo, Luísa.
Ela vaimo entender.

Os recordos que habitan

Porque talvez,
mañá sexa o recordo que me habita
de tantas despedidas que amanecen,
de tanto desguazar-se,
para ser, ao fin, un ser con todo

(Música reservada)

Luísa Villalta

Ninguén mellor cá propia Luísa Villalta, a través dunha breve entrevista publicada en La Voz de Galicia menos dun ano antes do seu falecemento. Ninguén mellor ca un amigo, Miguel A. Mato Fondo. Ninguén mellor ca algúns dos que foron alumnos seus no IES Isaac Díaz Pardo de Sada: Montse Pena Presas, Fernando Pazos Pérez e Xabi López. E ninguén mellor cá súa irmá Susana. Ninguén mellor ca eles para compartir os recordos da artista multixenérica homenaxeada neste Día das Letras 2024 que habitan neles.

10 preguntas a Luísa Villalta

La Voz de Galicia. 3 de maio do 2003

108

Que é a lírica?

- É un estado de conciencia que se expresa por veces en poemas.

Por que se pensa que é algo elitista?

- En todo caso é un elitismo accesible.

O primeiro poema que chegou ás súas mans foi...

- Creo que os de Rosalía.

Os grandes da lírica son...

- Avilés de Taramancos, Passolini, Manuel Antonio...

Existe a inspiración e mailas musas?

- Existe o acerto.

O mellor momento para escribir?

- Calquera no que se comprende algo intensamente.

O último libro que leu.

- Agora estou relendo as obras de Avilés de Taramancos.

A temática poética máis acorde aos tempos?

- A vida é unha temática constante.

Que cambiaría neste mundo?

- As relacións de poder.

Que foi o mellor que lle aconteceu?

- A vida con todo o que conleva.

Luísa Vilalta

A escrita recorda a música

Miguel A. Mato Fondo

Poeta e amigo de Luísa

110

«A escrita recorda a música», di o nobel Jon Fosse no fermoso e revelador discurso de recepción do premio. Non me parece inútil ter en conta algunhas das ideas expostas polo escritor para escribir este pequeno ensaio sobre Luísa Villalta, tendo en conta por onde vai o autor nórdico. Creo que cada lectora é quen de facer unha rápida asociación entre poema (palabra) e música, e divagar a través dese camiño incerto e sempre tan subxectivo das correspondencias poema-violino, asociando o texto escrito, en lingua poética ou, nunha asociación máis libre, outras formas alén do verso, co instrumento musical.

En Fosse, o acto de escribir implica o de escoitar. Escoitamos o poema como escoitamos o violino.

A lingua do poema é lingua literaria. Nin informa nin comunica. Significa, desde esa existencia propia. Isto, máis ou menos, vén dicir no seu discurso. Lemos o poema como lemos a partitura. Do outro lado da música está a poesía, e isto sabémolo polo libro de Luísa. A materia que se fai arte.

Luísa Villalta

Asle, a personaxe de *Triloxía*, de Fosse, é violinista. Cando toca o seu instrumento no desamparo das rúas, so a choiva, a súa namorada, Alida, sente que o futuro fica aberto e que soa unha cantiga de algo que chaman amor, di ela. Non quero facer unha frase doada, nin oportuna, ao lor deste episodio da novela de Fosse, mais acho que a Luísa lle había de gustar poder ler este relato que nos fai comprender mellor o discurso lido no acto da Academia sueca.

Escribir e compor música son profesións solitarias. O poema e a partitura teñen un universo propio. Hai un espazo solitario onde ambas conflúen, un espazo que lles dá unha existencia propia. Poesía e música son viaxeiras, están en todas as partes, no violino, na guitarra, na voz de alguén que canta. Esa voz que nace dentro do artista e se

bota aos camiños da noite e non regresa, como na novela de Leyshon, *A escola de canto*.

Creo que a obra poética de Luísa, desde esa acción solitaria que é a escrita e que nos resulta reveladora en *Música reservada*, ofrece o ton reflexivo que se establece entre a teorización da arte, como experiencia intelectual e abstracta, e o vivencial nalgúns dos temas implícitos: a morte, a dor, o tempo.

112

Creo que os versos que traio a esta páxina indican precisamente ese lado da escrita, reflexivo, lúcido e solitario: «... e transgrido a palabra, se soasen / outras voces que o sentido ouviría, / cando os sons da súa música calasen». Así remata o soneto inicial, cun acento que nos fai regresar a Fosse estes días, e por iso o inclúo aquí. Ou estoutros: «o tempo inventará a melodía / a destacarse [...] / palabra pura [...] melodía». E noutro poema, «O oco da palabra. A escrita», di: «a palabra non é a escrita, é soñada / entre o soño do sonido».

Tamén en *Silencio, ensaiamos*, sobrancea a soidade. É este libro de relatos un libro de seres

solitarios? Da soidade que aparece nestas dúas obras de forma absoluta, dominante, non apenas no poema nin o relato, mais no teatro, como na peza *Concerto para un home só*.

Despois, como nun contraste desafiante, veu a materia, o mundo, onde a poeta entra noutro espazo, noutra extensión definida. A partir de *En concreto* apreixa un sentido máis dinámico, máis na pel da humanidade, deixando en boa medida a abstracción da súa escrita anterior.

En Luísa Villalta sempre hai, houbo, conflito entre vida e pensamento, que en determinados momentos dunha conversa podía semellar diletantismo, o que non nos estraña, pois resulta propio de alguén que se relaciona coas artes, coa música e a literatura, nunha entrega apaixonada á conversa como espiral que reflicte, concentrada. escoitar a Luísa Villalta era unha espiral, digo: «entender ou vivir? / eís a cuestión». Ou así mo parecía en momentos concretos. Eís tamén a ironía, o xogo dialéctico, diletante, certo distanciamento que se adivinaba no ton da súa conversa.

Luísa Villalta

Entender, viver. Permítaseme tamén a min ese xogo, o ir e vir, a dúbida, a incerteza. Pilar Pallarés definía vida e poesía como dúo de raiva e amor. Luísa fala dun estado de consciencia desde a interpretación musical. E a interpretación musical, a lectura da partitura e a súa realización co instrumento, o violino, está no mesmo espazo que a palabra, nacendo ambas, música e palabra, dunha mesma vontade. E na súa palabra, música ou palabra escrita nunha linguaxe outra, e poema —música tamén na partitura do poema— aliábanse as dúas en concerto.

Hai tres espazos, estados da conciencia, podería dicir a autora, constantes na súa obra, que, para min, deciden ou perfilan a súa personalidade, que xeran o seu discurso: poesía, música e política. Os temas que dispensaban as horas. En calquera conversa mantida con ela, non doada, con certeza. A súa conversa era un desafío, unha insubmisa apelación á intelixencia, que pola súa parte se tensaba, adquiría densidade, aínda resultando transparente. Intransixencia e estímulo que abrandaban o sorriso acolledor e aquela ollada na que sempre eclosiona unha interrogante, non sei se desde a incerteza ou o estrañamento.

Regresamos á música e á palabra. A vida invéntase en cada acorde, di un verso do poema «Zarabanda». Agora, ao escribir todo isto, veñen á memoria cousas concretas, como a respiración do día nas pupilas, como a luz daquela súa ollada inquiridora, intensa. Irredutíbel, como a música. E isto da irredutibilidade deixouno escrito ela mesma, nalgún momento, e fai parte da súa poética. E sempre a súa voz, xamais esquecida; recoñecida e nítida como as notas dunha sonata.

Luís Vilar

ela escribía un poema nos acordes do violino
sobre unha branca cidade debuxaba
o espazo
nos magnolios as pombas
aturaban o mal tempo
e os barcos agardaban
nos peiraos

os seus dedos dirixían o arco
que percorría unha escala sombría
onde o vento facía preguntas sen resposta
e despois desaparecía nun sumidoiro
rindo
cunha gargallada feroz

Amais de amigos, tamén foron compañeiros de profesión. Miguel A. Mato Fondo publicaba o poemario *Terra fría* no ano 2015, no que dedicaba esta peza a Luísa Villalta.

Unha poeta viva

Montse Pena Presas

Profesora de Didáctica da Lingua e da Literatura na USC e académica correspondente da Real Academia Galega

Alumna de Luísa Villalta

A handwritten signature in black ink that reads "Luísa Villalta". The signature is written in a cursive style and is positioned vertically on the right side of the page.

Posiblemente unha das primeiras veces que vin a Luísa levaba un chapeu posto e un *violino* na man. Era difícil non saber quen era: cando no curso 1995/1996 comecei a estudar no IES Díaz Pardo, ela xa levaba cinco anos alí, e, como ocorre con todas as profesoras carismáticas cando están varios cursos nun centro, o alumnado maior xa se encargara de trasladar ao máis novo as súas teimas, as súas fortalezas e o seu espírito matizado pola mirada adolescente. Eu sabía que ela era poeta, e a min, que xa daquela me interesaban as palabras, a súa figura creábame unha sorte de fascinación, intriga e curiosidade. «Unha poeta viva!», parecía dicirme a miña cabeza. Mais o caso é que aquela adolescente que eu era non acabou de ter sorte: aquela profesora tan peculiar non

lle deu clase ata o último ano, o de COU (actual 2.º de bacharelato). Non obstante, a adolescente e a poeta atopáronse durante o curso anterior, nas ilusións e nos corredores do instituto, cando Villalta animou a un grupo do seu alumnado e a outras persoas que nos sabía con interese e inquietanzas sociais e literarias para botar a andar a revista *Canle*. Alí, naqueles recreos, naquelas horas gañadas ao coñecemento teórico puro e duro, a profesora poeta tiña a paciencia de sentar connosco, organizarnos e facernos pensar sobre o tipo de revista que queríamos facer. Ela soubo prender en nós a chama do pensamento, do cuestionamento, da reflexión sobre a realidade e conseguir que o convertésemos en algo rico, proveitoso, artístico. *Canle* tivo unha vida efémera de sete números (mais o que chamamos 0), pero, alén do que creamos nesas páxinas, o importante foi o que aprendemos no camiño. Co tempo, o que admirei máis dela foi esa conciencia de ser indócil e ese saber prender en nós a chama da indocilidade. Ese non quedar coas mans baixas e a mirada noutro lugar cando a inxustiza, o feísmo ou a usurpación ocorren diante de ti.

Cando por fin a tiven como docente, non me decepcionou en absoluto. Naquel centro público estabamos afeitas a ter un profesorado moi formado, con ganas de ensinar, de poñer empeño e forza nas clases, de prepararnos, en definitiva, para saír á vida. Luísa era unha delas, con ese estilo tan de seu: axudar a quen vía que realmente o precisaba, interesarse polos perfís que saían da norma e usar un estilo docente que resaltaba pola posta en valor da creatividade. Mais aquilo era COU, e xogabamos a temida nota de acceso á universidade, así que naquelas clases de Literatura Galega descubriu para nós palabras e nomes que non esqueceríamos endexamais: *creacionismo*, *Huidobro*, *Elsinor*, *censura*, *bocarribeira*, *longanoitedepedra*, *Tagen Ata*. Fíxoo coa precisión da mellor das cirurxiás: desenleando para público adolescente os novelos dos textos máis complexos cunha urda de referencias culturais que era, simplemente, impresionante. No meu caso, contribuíu a ensanchar un mundo que, daquela, xa era meu: o da literatura, o mundo no que quedei profesionalmente, pero tamén o que fun construindo de maneira íntima dende que tiven un libro nas mans.

Luísa Villalta

Mentres foi a miña docente, nunca lin un verso de Luísa. Tenteino unha vez, na propia biblioteca do centro, mais non o conseguín, porque non a entendín. Á escrita de Luísa cómpre achegarse cunha certa madurez lectora, con curiosidade e con ganas de experimentar cara a camiños novos polo enorme magma cultural que latexa baixo as súas páxinas. Por iso, se algo podo pedir hoxe nesta celebración súa, é recuperar a imaxe adolescente que gardo da miña profesora: que Luísa Villalta sexa, de novo, unha poeta viva. Viva porque a lemos, viva porque a celebramos, viva porque alentamos a forza da indocilidade e viva porque mentres lembremos os seus múltiples compromisos éticos, políticos e sociais haberá semente de vencer.

Lembranzas: Luísa Villalta, profesora

Fernando Pazos Pérez

Orientador nun centro educativo

Alumno de Luisa Villalta

A handwritten signature in black ink that reads "Luísa Villalta". The signature is written in a cursive style and is positioned vertically on the right side of the page, above a horizontal line.

Son exalumno de Luísa Villalta. Deume clase de Lingua e Literatura Galega no IES Isaac Díaz Pardo de Sada a finais da década dos anos noventa. Estas sinxelas e humildes palabras son un pequeno gran de area que se suman á súa homenaxe como galardoada nas Letras Galegas 2024.

121

Moito se está a falar dela co gallo desta celebración das nosas Letras. Que podo achegar eu sobre ela na súa faceta como docente? Pois Luísa era unha desas profesoras das que che queda un grato recordo. Facendo un pouco de memoria, hai varios aspectos que destacaría no seu labor como profesora.

Ela sempre tiña un trato moi próximo e afable con nós, co alumnado. Era unha persoa bastante directa, moi transparente, e cunha conversa fácil e agradable.

Tiña esa extraordinaria habilidade duns poucos profesores que son capaces de levar a clase cunha intensidade de voz tirando a *suave*, por debaixo xa case do que sería unha intensidade normal, sen levantar a voz nin berrar, pero que cunha mirada xa era quen de comunicar que tiñas que deixar de facer calquera cousa que non fose atender ao que ela nos estaba a aprender. As falcatruadas nas súas clases non existían...

Por suposto, e sen lugar a dúbidas, era unha gran defensora da lingua e cultura galegas. Isto penso que xa é ben coñecido por todos.

Aínda que a súa materia era Lingua e Literatura Galega, ela co que realmente gozaba era coa literatura. Notábaselle que era unha apaixonada da materia. Incluso non lembro que nos impartise nada de gramática ou sintaxe. O dela era a literatura, todo o referido á transmisión de valores relacionados coa beleza, a creatividade, as emo-

cións, as reflexións sobre a vida, a morte, o amor... É dicir, todo o que está implícito na literatura en si. Era tamén unha grande oradora: desas persoas cun dominio da palabra e do discurso, desas que embelecen o relato oral con moita naturalidade.

Luísa Vialta

Por outra banda, era unha muller cun forte compromiso co feminismo. Tiña un discurso moi feminista, que hoxe en día seguramente pasaría máis desapercibido, porque xa o temos máis presente e interiorizado, pero que hai vinte e cinco ou trinta anos era un ideario moi avanzado para a súa época, e sobre todo para uns adolescentes coma nós, que poucos coñecementos tiñamos máis aló do que podíamos vivir na nosa vila, Sada. Era unha muller con presenza, con personalidade, o que hoxe definiríamos como apoderada.

123

No instituto comentábase e sabíase que publicara algún libro e que era música profesional, que tocaba o violín. Pero en clase nunca a escoitei que fixese alarde disto. Non era unha persoa presuntuosa neste sentido. E esa bagaxe cultural que tiña, que nós como alumnado non eramos quen de valorala, foi un luxo, sen nós sabelo.

Unha anécdota que lembro con agarimo é dun día no que estabamos en clase con ela e entrou outro profesor a dar un aviso. El dirixiuse a nós falando en castelán, e ela, moi amablemente, díxolle: «Ei! Territorio comanche! Aquí fálase en galego!». E este docente, que penso que tiña bo trato con ela, cun pouco de sorna e ironía, mirou para ela e, ríndose, continuou a falar en castelán. Unha vez que rematou e marchou, nós esperamos expectantes a súa reacción: deunos un intenso e convincente discurso sobre os valores do emprego do galego, do idioma das nosas raíces, da importancia de preservar algo tan importante como a lingua propia dun país...

Debilidade por Luísa

Xabi López

Educador social, actor e ilustrador

Alumno de Luísa Villalta



Debilidade foi o poema que Luísa recitou na súa derradeira aparición pública no recital de poetas galegos en solidariedade con Palestina no 2004. E, neste 20 aniversario do seu pasamento e na súa homenaxe no Día das Letras Galegas 2024, aquí seguimos, na procura dun mundo mellor e máis xusto en circunstancias un tanto semellantes.

Lembro o impacto da primeira vez que vin a Luísa no IES Isaac Díaz Pardo en Sada. A súa estética inconfundible e rompedora, o carisma que desprendía e, sobre todo, a súa mirada fermosa e cativadora.

Cuns 16 ou 17 anos tiven a oportunidade de que fose a miña profesora de Lingua e Literatura Ga-

lega. Lembro con moito agarimo as súas clases de amor pola terra, pola cultura, pola nosa identidade como pobo galego no mundo. Pero tamén transcendían a outras dimensións máis sociais e humanas que lograban tocarnos no máis profundo.

E, se isto non fose máis ca suficiente, no instituto corría o rumor de que era escritora, poeta, que tocaba o violín (o violino, como lle gustaba chamalo). Era como darlle un punto misterioso á experiencia das súas maravillosas clases. Pero tamén lembro que nunca fixo alarde disto.

Luísa era toda unha adiantada á súa época, cunha clara visión feminista do mundo. Visión que actualmente podería ser, digamos, máis achegada. Pero hai 25 ou 30 anos era toda unha revolución nas aulas. Dende a beleza, pero sen eludir a dureza das circunstancias. E iso tamén forma parte da súa pegada nas nosas vidas.

Sempre foi unha loitadora polo que cría xusto ou inxusto no mundo. Por facerlles a vida mellor ás persoas, dende o respecto e o diálogo continuo. Era unha gran conversadora. A súa visión do mundo partía do local para darlle unha visión

universal. Tanto podía estar de preto na defensa da xente traballadora do mar coma na conservación dun espazo natural, como As Brañas de Sada, ou elevar a protección das persoas máis vulnerables, coma as do barrio O Papagaio na Coruña, ou a paz mundial.

Luísa Vilar

Naqueles anos foi creadora da revista *Canle* no instituto. E moitos e moitas quixemos embarcarnos nesa aventura. E unha das cousas máis curiosas era que conseguía que fóssemos persoas de acción, moi motivadas, aínda que esta participación «non subía a nota». Isto era extraacadémico e totalmente voluntario. O único interese que había era o da creatividade individual e colectiva e poder formar parte activa dunha experiencia man a man con Luísa. E sempre queriamos máis. Eu colaborei con ilustracións, bandas deseñadas e, sendo moi xenerosos coa denominación, con escritos medio poemas, medio cancións. Toda unha iniciativa artística e social inédita na Sada daqueles anos.

127

Quizais non o sabiamos, porque aínda non existía o termo, pero estabamos perante toda unha *influencer*. Pero unha *influencer* de verdade.

A min, que era (e son) un cu inquedo, gustábame moito a natureza mais a educación. Pero, por outra banda, tamén estaba moi activo nas artes escénicas e plásticas. Por aquel entón, rematara por inxectarme o amor incondicional polo teatro e o cine.

E, nese apoxeo adolescente, de creer que un está perdido no mundo, Luísa, sen eu pedirlo nunca, converteuse nunha sorte de guía, propoñéndome como poder enfocar o meu futuro sen renunciar a ningún destes eidos e intentar conxugalos todos. Supoño que porque ela tamén vivía unha situación polifacética e por ter unha convicción firme das artes como ferramenta educativa. Un día colleume polos corredores do instituto e tivemos unha conversa que xamais esqueceré e nunca poderei agradecer o suficiente. Díxome que atopara a «fórmula ideal» para min. E así é que a día de hoxe traballo como educador social a través das artes ou como actor e ilustrador cun forte compoñente educativo, en gran parte, grazas a esa sorte de mentorización case máxica.

E, como dicía ao comezo, 20 anos despois vol-
vemos falar de debilidade. Si, sinto debilidade
por Luísa.

E, aínda que a época do instituto queda xa lon-
xe e que Luísa xa non está con nós neste plano
da realidade, négome a dicir que son exalumno.
Sempre serei alumno seu porque, en boa parte,
grazas a ela, son a persoa que son hoxe en día.

Eterna Luísa.

Luísa Cillalta

En *As palabras ingravidas*, Luísa Villalta inclúe esta peza na que relata unha conversación que mantivo cun dos seus alumnos. Non só escribiu para eles, senón que tamén escribiu deles.

Hoxe díxome un
alumno
que a xuventude é
para a aproveitar:
Non se aproveitaría
máis —resposteille—
se a fixésemos durar
até o final dos nosos
días?

9 febreiro

Carta a Luísa

Susana Villalta Gómez

Irmá de Luísa

A handwritten signature in black ink, reading 'Susana Villalta', written vertically and underlined.

Querida Luísa,

131

O AMOR que me deches nos teus —por desgraza, só— corenta e seis anos de vida é tan fermoso e profundo que me dá a gran forza de seguir tendo algo que me emociona dende o principio e a diario, algo que está na miña vida, a da nosa familia:

SEGUIR COS TEUS PROXECTOS, visibilizando o teu pensamento a través da túa obra, da túa figura intelectual e humana.

Dende o primeiro día que nos faltaches, Luísa, a nosa Luísa, a miña irmá, a filla, a tía Luísa... tiven



Luísa e a súa irmá, Susana, en A Toxa

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR

case unha promesa no meu interior, e que é un sentir superior a calquera interese:

PODER TRANSMITIR A TÚA GRAN CALIDADE HUMANA E INTELLECTUAL.

Este é un acto de AMOR A TI, aos nosos pais, aos meus fillos, os teus sobriños. Un acto que pode

reflectir xenerosidade, a que ti, Luísa, amosaches en vida e a que para min, a túa irmá, a túa irmá pequena e á que tanto quixeches, se converteu nunha satisfacción do espírito indescribible, que se desprende cun maior valor, que é o que me conmove:

Luísa Villalta

Cumprir cun sentimento, o da XUSTIZA: A XUSTIZA DA VIDA

contigo, Luísa, e con todas aquelas persoas que poidan ser receptivas á inmensa forza que desprendes.

133

EU teño a gran sorte de sentirte e poder levar a TÚA LUZ Á INMENSIDADE, xa que segues comigo e continuarás formando parte de min, da miña vida, da vida da nosa familia e que facemos por compartir con tanta xente que te quixo, te quere e te quererá»: eterna Luísa, querémoste.

DA túa querida amiga,

SUSANA

Bibliografía

Dopico, Montse. *Abonda con vivir.* Luísa Villalta.
Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2024.

F. Freixanes, Víctor. *Palabras para un tempo novo.* (5 de xaneiro do 2024) Recuperado de <https://academia.gal/-/palabras-para-un-tempo-novo>

Maceda, Beatriz; Ríos, Eli e Suárez, Laura.
Luísa Villalta. *Alma de violino.* Vigo: Edición Xerais de Galicia, 2023.

Pallarés, Pilar e Veiga, Eva. Luísa Villalta.
Así vou eu, formando parte. Santiago de Compostela: Chan de Pólvora, 2024.

Romaní, A. Luísa Villalta. «E formo parte». 2024.
Recuperado de <https://academia.gal/letras-galegas/2024/luisa-villalta/biografia>

Villalta, Luísa.

As certezas de Ofelia. A Coruña: Revista de Teatro de Casa Hamlet, número 1, 1999.

As chaves do tempo. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2001.

As palabras ingravidas. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro, 2020.

Concerto para un home só. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega, número 76, 1989.

En concreto. Culleredo: Espiral Maior, 2004.

Libro das colunas. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2005.

Música reservada. Sada: Edición do Castro, 1991.

O Don Hamlet de Cunqueiro; Unha ecuación

teatral. Santiago de Compostela: Ed. Laiovento, 1992.

O outro lado da música, a poesía. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1999. Foi editado no 2021 pola editorial Galaxia.

O paseo das esfinxes. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega, número 88, 1991.

O representante. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega, número 85, 1990.

Os dóces anos da guerra. Vigo: Revista Galega de Teatro, número 29, 2001.

138

Longueira, Maribel. Papagaio. Ames: Edicións Laiovento, 2006.

Pensar é escuro (Poesía reunida 1991-2004). Vigo: Editorial Galaxia, 2023.

Rota ao interior do ollo. Lisboa: Edições Tema, 1995.

Ruído. A Coruña: Espiral Maior, 1995.

Silêncio, ensaiamos. Oleiros: Vía Láctea Editorial, 1991.

Teoría de xogos. Santiago de Compostela: Ed. Laiovento, 1997.

Villalta, Susana. Luísa Villalta, a nosa estrela. Santiago de Compostela: Teófilo Edicións, 2024.

Índice

| | |
|---------------------------------|------------|
| Limiar | 7 |
| Teresa Pastor Novo | |
| <i>Colla voce</i> de Luísa | 9 |
| Luísa Villalta, de preto | 23 |
| A súa tinta | 43 |
| Sen música non hai poema | 45 |
| Voz do necesario | 65 |
| Teresa Seara | |
| A voz da amizade | 71 |
| María Pilar García Negro | 75 |
| Marga do Val | 88 |
| Mercedes Queixas | 96 |
| Os recordos que habitan | 105 |
| 10 preguntas a Luísa Villalta | 108 |
| A escrita recorda a música | 110 |
| Miguel A. Mato Fondo | |

| | |
|---|------------|
| Unha poeta viva Montse Pena Presas | 117 |
| Lembranzas: Luísa Villalta, profesora Fernando Pazos Pérez | 121 |
| Debilidade por Luísa Xabi López | 125 |
| Carta a Luísa Susana Villalta Gómez | 131 |
| Bibliografía | 135 |

Colección Letras Galegas

- Murguía e La Voz de Galicia
- Eladio Rodríguez. Breviario enciclopédico
- Avilés de Taramancos. Homenaxe
- Xaquín Lorenzo. De varia etnográfica
- Lorenzo Varela. Memorias incompletas
- Manuel Lugrís Freire. O compromiso
- Xosé María Álvarez Blázquez. Antoloxía
- Ramón Piñeiro. O amigo
- Uxío Novoneyra · Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas
- Lois Pereiro en 17 voces
- Valentín Paz-Andrade.
Xornalista para un país
- Roberto Vidal Bolaño.
Acoutacións e diálogos · Antoloxía
- Xosé María Díaz Castro,
para alumear o mundo
- Xosé Filgueira Valverde. O noso Adral
- Manuel María.
Palabra viva de amor e afirmación
- Carlos Casares.
O neno que quería xogar co mundo
- María Victoria Moreno.
A proeza da súa vida e da súa literatura
- Antonio Fraguas Fraguas.
Estancias vitais dun mestre sabio
- Ricardo Carvalho Calero.
Escritor e profesor, galego cabal
- Xela Arias.
Para ser de todo
- Florencio Delgado Gurriarán.
Sempre desexando Galicia
- Francisco Fernández del Riego:
a tinta de Galicia
- Luísa Villalta.
A poesía en que salvarse

